



5. O sector terciário: os servizos na era dixital

Para comezar

- Sabes que é un servizo e que tipos de servizo existen? Utilizas algún deles?
- Que é a terciarización da economía?
- Es consciente de que cada vez que acodes ao centro de saúde ou ao instituto estás a utilizar un servizo?
- En que consiste o comercio? Como está organizado? Que é unha balanza de pagos? Como se realiza o comercio interior e o exterior?
- Coñeces os distintos tipos de transportes e os impactos que producen na contorna? E as comunicacións?
- Que é o turismo? Sabes que existen distintos tipos de turismo e que é unha actividade económica con peso a nivel mundial? Coñeces como se desenvolveu?
- Sabes como é o sector servizos en España e en Galicia?

O sector terciario: os servizos na era dixital

O sector terciario está formado por unha serie de servizos e actividades económicas de distinta procedencia que se caracterizan por ser intanxibles ou inmateriais. Este sector, tamén denominado servizos, é o que maior peso ocupa na economía dos países desenvolvidos.

Son actividades relacionadas coa saúde (medicina, enfermería, farmacia...), a docencia, a administración, o comercio, as finanzas, o transporte, as comunicacións, o turismo etc. Un *totum revolutum* de servizos que comprenden tanto as actividades necesarias para achegar un produto ou servizo para o seu consumo, como aquelas que prestan un servizo directamente a clientes e clientas ou persoas usuarias.

Nesta unidade analizarás as características propias deste sector, a súa variedade, as diferenzas existentes entre as economías avanzadas e os países en vías de desenvolvemento, e como as TIC transformaron estas actividades e os seus impactos.

O noso proxecto



O noso proxecto

Imos continuar desenvolvendo o proxecto anual, neste caso abordando o impacto da pandemia no turismo, un subsector sen dúbida clave dentro dos servizos.

Observa as seguintes gráficas sobre como o confinamento e as restricións de mobilidade pola Covid-19 afectaron ao turismo en España, comparando os datos cos de anos anteriores.

Documentación para a reflexión

Chegada de turistas internacionais	Nesta gráfica poderás observar como foi a chegada de turistas internacionais ao noso país desde o ano 2006 ata o 2020. Fíxate no profundo descenso que se produce.
Comparativa entre as chegadas, o gasto e as hospedaxes	Observa a evolución do sector ata a chegada da pandemia.
As cifras mes a mes	Presta atención á diminución do número de chegadas . Cando comeza? Cando se produce de xeito máis claro? Fíxate nos meses de confinamento, cando a actividade era practicamente nula.
Outros sectores	O cese da actividade turística afecta a outras, especialmente ao transporte. Que sucedeu co tráfico aéreo ? E cos cruzeiros? Consulta o exemplo de Vigo .
O PIB, seriamente afectado	O retroceso no sector turístico tivo consecuencias directas no PIB español e na destrución de postos de traballo. ● Na seguinte gráfica represéntase o número de empregos que xeraba o sector turístico antes e despois da pandemia. Presta atención ao descenso. ● Lembra que o turismo é un sector económico moi importante na nosa economía, por iso esta drástica diminución da actividade tivo consecuencias no PIB nacional. ● A actividade turística, aínda que é importante en todo o territorio nacional, ten máis peso económico en determinadas comunidades autónomas, que se viron máis afectadas pola pandemia.

Unha vez que observes e analices a información obtida das gráficas, escribe un artigo para o noso xornal. Podes apoiarte nas seguintes estatísticas que te axudarán no teu traballo: datos de

Galicia, do verán de 2019, da campaña estival de 2020 e da de 2021. Ademais, podes consultar tamén estas [cifras estatais](#) e a páxina do [Ministerio de Industria, Comercio e Turismo](#) se precisas saber máis ou buscar información.

Que debe conter o artigo?	
Contexto	A situación do sector turístico en España ao comezo da pandemia. Era unha actividade forte, en crecemento e con importantes achegas ao PIB.
Feitos	Como o confinamento e a limitación de movementos afecta ao turismo. Para iso hai que analizar a redución de turistas, de viaxes (transportes e pandemia, de forma breve), de postos de traballo, de ingresos e o seu reflexo no PIB.
Conclusións e aportacións persoais	Poderás engadir todo aquilo que consideres relevante ou destacable que estea relacionado co que estamos a tratar.

Aquí van uns consellos:

- Lembra que o artigo é unha redacción, non un cuestionario de preguntas.
- Todo o exposto ten que ter referencias, polo que terás que buscar información.
- Podes acompañar o artigo con imaxes e ligazóns a vídeos, pero sempre citando a orixe.
- Non esquezas citar convenientemente as túas fontes.

Os artigos serán expostos na aula para que, entre todos e todas, sexan elixidos aqueles que merecen ser publicados na revista do proxecto.

Podes avaliar o teu traballo e o do teu equipo con esta rúbrica de autoavaliación e coavaliación.

Que é o sector terciario.

Definición e características

O sector terciario, tamén chamado servizos, está formado por distintas actividades económicas que teñen como finalidade a distribución de produtos e o consumo de bens e servizos. Son actividades económicas que non producen bens materiais, son intanxibles, cobren necesidades ou prestan servizos ás persoas ou ás empresas.

A súa presenza é maior nos países desenvolvidos xa que son os que máis o demandan e os que empregan maior número de persoas nel, polo que se fala da terciarización da economía.

Dentro deste sector agrúpanse actividades e servizos que non producen bens, senón que realizan tarefas co fin de satisfacer unha necesidade ou un desexo concreto. Non poden cuantificarse, a súa produción e consumo son simultáneos. Este sector está formado por actividades moi diferentes: os servizos á sociedade (sanidade e educación), o transporte, o comercio, as comunicacións, os servizos administrativos, os culturais, os financeiros, o turismo etc.

Desde as últimas décadas do século XX fálase dun novo sector, o **cuaternario**, que correspondería a un sector terciario evolucionado ou superior, exercido por profesionais con alta formación. Comprendería servizos de altas finanzas, informática, de comunicación e telecomunicación, investigación científica, robótica e dirección. Este sector caracterízase pola súa alta produtividade, xa que as TIC crérono ou modificárono, axudaron no seu desenvolvemento e, ademais, depende destas para a correcta prestación dos seus servizos. Moitos destes traballos non existirían sen as novas tecnoloxías, son consecuencia da sociedade da información.



A OPINIÓN EXPERTA



En 1940 os xeógrafos Colin Clark e Jean Fourastié fixeron a primeira división das actividades económicas, en tres sectores: primario, secundario e terciario. Ambos os autores explícano como unha evolución da economía, por iso Fourastié no seu libro *A gran esperanza do século XX* di que o sector terciario é consecuencia do aumento da calidade de vida, do estado de benestar, da educación, da formación e da cualificación, entre outros factores. Sinala ademais que a súa presenza e peso reflicten o maior desenvolvemento económico dun país.

Pero este modelo non se axusta á nova realidade como consecuencia do desenvolvemento da informática e das novas tecnoloxías. Así, desde os anos 70 do século XX, diversos autores como Francesco Compagna empezan a crear un

subsector dentro do terciario, chamado superior, que comprendería actividades relativas a servizos financeiros, de investigación, dirección e aqueles relacionados coa informática e as telecomunicacións. Actualmente especialistas en Xeografía e Economía agrupan estas actividades no sector cuaternario, debido ao alto peso que estes servizos teñen na economía e na sociedade dos países máis desenvolvidos. Xa hai voces expertas, como a académica Lourdes Casanova, que negan que as características que habitualmente rodean este sector (man de obra altamente cualificada e estado de benestar) sigan vixentes no século XXI. Exemplos disto serían China, India ou Brasil, que contan con empresas altamente innovadoras.

Para saber máis ao respecto podes botar unha ollada a este [vídeo](#) sobre o sector cuaternario.



O sector terciario é moi amplo e nel teñen cabida actividades altamente cualificadas e outros empregos que podemos considerar non cualificados, xa que non requiren preparación e adoitan estar mal remunerados: limpeza, hostalería, venda ambulante, repartimento de produtos...



Este sector ten unhas características propias, que axudan a clasificar as súas actividades económicas:

- Son tarefas que existiron desde antigo, o ser humano necesitounas para poder organizarse como sociedade: actividades militares, relixiosas, comerciais, transporte, ensino etc.
- Desenvólvense coa industrialización e a modernización da economía. Destacan especialmente aquelas relacionadas cos servizos ás empresas e os financeiros; e desde a aparición das TIC, as que se especializan neste campo, como as informáticas e as telecomunicacións.
- Son servizos que se poden prestar desde as administracións públicas (servizos públicos) ou desde empresas privadas. Un exemplo sería a educación: en España, o alumnado pode elixir o tipo de ensino recibido, impartido desde un centro público (prestado por unha administración) ou privado. O mesmo sucede coa sanidade. Estes servizos poden ser dirixidos tanto a persoas como a empresas.
- Son actividades que se localizan arredor das cidades e das súas áreas de influencia. Alí, están máis preto dos posibles consumidores: individuos e empresas. Ademais, así, garántese a accesibilidade aos servizos, xa que é onde se concentra a poboación e aumenta a produción e o seu consumo.
- Os servizos que presta son:
 - Intanxibles e inmateriais. Por exemplo unha masaxe, unha consulta a un avogado, unha viaxe...
 - Simultáneos. Por exemplo, nunha consulta médica a produción do servizo e o seu consumo é simultáneo.
 - Perecedoiros, non se poden almacenar, o seu non uso supón unha perda. Unha praza nun medio de transporte non ocupada é un servizo que non se prestou, non se cobrou por iso, pero realizouse igualmente, pois o percorrido levouse a cabo sen o vehículo cheo.

Clasificación dos servizos

Pódense clasificar desde distintos puntos de vista:

Segundo quen presta os servizos

Segundo quen preste os servizos

- **Públicos:** a cargo do Estado e as demais administracións públicas. Non xeran beneficios e prestan servizos básicos á comunidade: a sanidade, a educación, servizos administrativos, defensa (exército), policía... Están financiados por impostos e taxas. Contribúen a crear o estado do benestar.
- **Privados:** ofrécenos as empresas e particulares, buscan xerar beneficios. Poden producir os mesmos servizos que o sector público (sanidade e educación) ou outros pero con custo para as persoas usuarias.

Segundo o seu obxectivo ou función


Os máis importantes son:

- Administrativos: relacionados coas administracións públicas ou privadas, xestións burocráticas.
- Actividades financeiras: servizos bancarios, bursátiles, compañías de seguros etc.
- Servizos a empresas: asesoría, xestión, seguridade...
- Servizos sociais: educación, sanidade, defensa...
- Comerciais.
- Transporte e distribución de bens e persoas, rutas comerciais...
- Información.
- Restauración e hostalería.
- Culturais: cine, bibliotecas, museos...
- Turismo e lecer.
- Servizos persoais: salón de peiteado, masaxes....

Segundo a cualificación das persoas empregadas e os medios

- **Avanzados:** utilizan a última tecnoloxía e profesionais de alta cualificación. Son actividades que xeran grandes ingresos, como a investigación, a robótica, altas finanzas, telecomunicacións etc. Concéntranse nos países desenvolvidos.
- **Tradicionais:** con escaso desenvolvemento técnico e persoal, con reducida formación: comercio ambulante, hostalería, atención á clientela, servizos de limpeza, servizo doméstico... Máis abundante nos países en vías de desenvolvemento.

Neste mapa obsérvase a relación existente entre a porcentaxe do sector terciario respecto ao PIB nacional e o grao de desenvolvemento dun país.



Mapa de porcentaxe do sector servizos no PIB no mundo.

O sector servizos no mundo. A terciarización da economía

Aínda que algunhas das actividades deste sector se exercían xa desde a antigüidade, é a partir de mediados do século XX cando alcanzan o seu máximo desenvolvemento, diversificación e especialización. Así, prodúcese unha serie de cambios que axudan á engalaxe do sector servizos:

- Os países desenvolvidos transformaron e modernizaron os sectores primario e secundario, o que provocou un excedente de man de obra que se traspasou ao terciario.
- O crecemento económico vai unido a un aumento na renda per cápita, o que produce unha maior demanda de servizos: a maior poder adquisitivo maior capacidade de consumo.
- Cambios como o crecemento do mundo urbano, a incorporación da muller ao mercado laboral, novos hábitos de consumo (uso de hipermercados, compra semanal ou mensual, centros comerciais...), de uso e goce do tempo libre (actividades de lecer, turismo, coidado persoal...) demandan e consomen máis servizos.
- Ao aumentar a demanda de servizos increméntanse as oportunidades laborais, pero a utilización de novas tecnoloxías e novas técnicas produtivas fai que se destrúa emprego á vez que se fai necesaria a especialización.
- A aparición de innovacións técnicas e organizativas provoca demanda de novos servizos. Por exemplo, actividades relacionadas co asesoramento, a publicidade e o márketing, a informática ou as telecomunicacións demandan por parte das empresas man de obra cualificada.






Sabías que...?

A terminoloxía que utilizamos para clasificar os países en función do seu desenvolvemento non está exenta de polémica. En orixe, foi no marco da guerra fría cando se acuñaron os termos primeiro mundo, segundo mundo e terceiro mundo, este último da man de Alfred Sauvy, que o identificou co grupo de países previamente colonias non aliñadas no bando estadounidense nin coa URSS. Esta forma obsoleta, aínda en uso, non é a única cuestionada. Países subdesenvolvidos tamén é unha expresión que está comezando a quedar anticuada. Desde os propios organismos internacionais, como a ONU ou o Banco Mundial, non existe consenso: países de ingreso baixo e mediano, países en vías de desenvolvemento, países do sur, economías menos avanzadas ou mercados emerxentes son só algúns dos termos que se empregan. Todos eles presentan as mesmas deficiencias: tentan definir unha realidade partindo das nosas economías avanzadas e en contraposición a elas.

Créditos: [Marcos Elias de Oliveira](#)



Mapa do índice de desenvolvemento humano.

A importancia do sector terciario nun país é reflexo do seu crecemento económico. Así, actualmente, é o sector con máis peso nas economías dos países máis desenvolvidos en canto á súa achega ao PIB e á porcentaxe de man de obra (superior ao 60%, chegando en casos ao 80% ou máis nas grandes cidades), entre outros motivos por ter estes unha economía moi diversificada. Así o demostra a variedade e o número dos servizos prestados e as necesidades que ten que satisfacer. A isto hai que engadir que o nivel adquisitivo da súa cidadanía fai que demande máis servizos, xa que pode facer fronte ao pago de lecer, turismo... favorecendo así á súa enorme diversificación. Tamén se demandan outras actividades non produtivas, como a sanidade, a xustiza, a educación... que poden estar garantidas polos organismos públicos mediante o chamado estado do benestar, ademais dos servizos que demandan as empresas.

En consecuencia, estamos a falar da **terciarización da economía**, debido ao peso e importancia deste sector. Isto leva a que a sociedade tamén estea terciarizada, debido á cantidade de persoas que traballan neste sector, quedando os outros dous sectores relegados a unha porcentaxe baixa ou moi baixa no PIB: o primario ao redor dun 5% e o secundario ao redor dun 35%. Podes consultar máis información neste [vídeo](#).

Nos países en vías de desenvolvemento o sector terciario é máis reducido, aínda que en proceso de crecemento, pero non chega a alcanzar o nivel dos países desenvolvidos. Gran parte da poboación non ten acceso a servizos básicos e os que se prestan son pouco cualificados, de baixa produtividade, pouco diversificados, limitados a actividades relacionadas coa administración (funcionariado burócrata e militares), a venda ambulante ou en pequenos establecementos e ao servizo doméstico. Os servizos son insuficientes: os públicos son escasos e de baixa calidade, os estados carecen de recursos ou organización para prestalos, a educación e a sanidade non chegan a toda a poboación. O número de traballadores e traballadoras deste sector é baixo, a súa achega ao PIB é inferior ao 30% e a maioría dos empregos buscan satisfacer necesidades primarias que garantan a subsistencia.

Actividades

1. Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

As actividades do sector terciario son materiais e tanxibles.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O sector terciario ten maior presenza no mundo desenvolvido.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Cando falamos de terciarización da economía falamos da existencia de tres sectores económicos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O transporte, as telecomunicacións e o turismo non forman parte do sector servizos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

No sector servizos podemos atopar actividades altamente cualificadas

como investigación ou moi pouco cualificadas como persoal de limpeza.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

2. Sinala cales das seguintes actividades pertencen ao sector servizos:

- | | |
|---|---|
| ☐ Limpeza | ☐ Minería |
| ☐ Venda ambulante | ☐ Fabricación de zapatos |
| ☐ Seguros | ☐ Turismo |
| ☐ Agricultura | ☐ Construción |
| ☐ Banca e finanzas | ☐ Educación |

3. Sinala cales das seguintes características se corresponden co sector terciario.

O sector terciario é moi limitado, nel só teñen cabida actividades altamente cualificadas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

No sector terciario agrúpanse actividades como o transporte, a construción, os servizos sanitarios, os administrativos, o turismo e a industria.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

As actividades do terciario existiron desde antigo, xa que se necesitaron para poder organizar as sociedades.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A industrialización, a modernización da economía e as TIC foron claves para o desenvolvemento do terciario.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Existen actividades do terciario que poden ser prestadas por administracións públicas e privadas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As actividades do terciario localízanse afastadas das cidades e as súas áreas de influencia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

4. Completa o texto arrastrando a cada oco a resposta correcta:

Hoxe en día o sector terciario é o que ten maior importancia nas economías

en canto á súa achega ao PIB e á porcentaxe de man de

obra, superior ao

, chegando en casos ata o

nas zonas .

Estes países contan cunha economía moi , xa que presta gran variedade de servizos debido o alto da cidadanía. A economía actual está . Así, nos países desenvolvidos os sectores primario e secundario ocupan unha porcentaxe baixa do PIB, o primario en torno ao e o secundario ao .


Nos países en vías de desenvolvemento o terciario é , aínda que está a crecer. Son actividades relacionadas coa , coa venda ou en pequenos establecementos e o servizo doméstico. Os servizos públicos son e de baixa . A porcentaxe do PIB do terciario é inferior ao .

nivel adquisitivo	máis desenvolvidas			
calidade	urbanas	reducido		
ambulante	diversificada	administración		
5%	30%	35%	60%	80%
terciarizada		escasos		

5. Define que é o sector servizos e cales son as súas principais características.

6. Explica coas túas propias palabras as causas da terciarización da economía.

7. Observa este mapa e contesta:



- a. Que países teñen maior porcentaxe de poboación activa no sector terciario?
- b. Que tipo de países son?
- c. Explica cales son as causas desta porcentaxe tan elevada e o que isto significa para a economía destes países.



- 8.** Realiza no teu caderno un esquema coa clasificación dos servizos.

Servizos públicos e outros servizos. A actividade financeira

Servizos administrativos

Nos estados desenvolvidos é necesario xestionar e controlar os recursos e o gasto público, do que se encarga a Administración pública, quen ademais executa as medidas necesarias para o bo funcionamento do ben común e garante o estado do benestar.

Os servizos públicos son amplos e variados, desde servizos administrativos e de xestión (burocracia), cobranza de impostos (facenda), defensa e seguridade (corpos e forzas armadas), protección (bombeiros, salvamento marítimo...), a administración de xustiza... Estes últimos son, en países desenvolvidos, os que empregan os maiores recursos e esgotan a maior parte do orzamento dun Estado, xunto coas prestacións sociais (pensións e axudas).



Cando unha persoa vai facer a declaración da renda ou anotarse ao paro é atendida por un funcionario ou funcionaria do Estado.

Sanidade

Comprende todos os servizos relacionados con previr, tratar e curar enfermidades. Dedícase á saúde, que é unha necesidade básica das persoas.

Nas economías avanzadas, o acceso á saúde é relativamente fácil. Naqueles países onde exista estado do benestar, a súa cidadanía ten garantido o acceso e as súas prestacións.

En países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento o acceso non está garantido, os investimentos en sanidade son escasos, como demostra o número de médicos por habitante, moi reducido en relación á poboación, chegando a ser case inexistente en zonas rurais ou afastadas. Esta situación agrávase nos países máis empobrecidos, o que explicaría datos demográficos tan negativos como a baixa esperanza de vida ou a alta mortalidade infantil.

Esta actividade pódena realizar as administracións públicas ou empresas privadas, en ambos casos os seus custos son enormes. Para poder desenvolve-la correctamente necesítase persoal cualificado (médicos e médicas, enfermeiros e enfermeiras,

técnicos e técnicas de laboratorio...) e tamén non cualificado (celadores e celadoras, condutores e condutoras de ambulancia, auxiliares de clínica etc.), xunto con persoal administrativo e numerosos recursos materiais ás veces moi custosos (medicinas, aparellos e utensilios médicos). Isto xustifica que na maioría dos países desenvolvidos sexa a Administración pública a que garanta a súa prestación para que sexa universal, coma no caso de España e outros países da UE.



Durante a pandemia quedou moi clara a necesidade de investir en persoal sanitario e medios.

A análise da sanidade e da educación dun país serve para valorar o seu progreso, o seu crecemento. Así, os países que contan cun alto índice de desenvolvemento humano (IDH) e realizan fortes investimentos nestes sectores atópanse no grupo de economías avanzadas, mentres que os que teñen pouco desenvolvidos estes sectores están máis empobrecidos.

Educación

Xunto coa sanidade é un servizo esencial, tamén atende unha necesidade básica: o dereito á educación, garantindo a formación da cidadanía. A maior formación, mellores oportunidades laborais e mellores condicións socioeconómicas para o país, xa que este poderá desenvolverse científica e tecnoloxicamente.

Do mesmo xeito que ocorre coa sanidade, a educación pode ser ofrecida por empresas privadas ou públicas. A súa regulación está ditaminada polo Estado, que garante un mínimo de formación á cidadanía (os estudos mínimos) para que teña a oportunidade de atopar un emprego, diminuindo así as desigualdades sociais, como se observa nos países desenvolvidos. Non en todos os países en vías de desenvolvemento se garante un mínimo de formación ás persoas, converténdose nos países empobrecidos en algo exclusivo das elites urbanas.

Podemos medir o desenvolvemento cultural e educativo dun país analizando o investimento que este realiza en educación. Parámetros como o número de institucións (colexios, universidades, institutos etc.), a existencia e o número de axudas para o estudo (as bolsas) e índices que miden o rendemento académico do alumnado, como é o informe PISA, así nolo indican. A estes habería que engadir a porcentaxe de PIB que se inviste en I+D+i.



Labores de investigación nun laboratorio.

Servizos financeiros

As actividades bancarias e financeiras están relacionadas coa xestión e dirección de empresas públicas e privadas. Son servizos moi importantes, xa que custodian e comercializan o diñeiro, invisten e conceden préstamos. Localizámolas case en exclusividade nos países desenvolvidos, onde operan as grandes compañías,

principalmente en EEUU, Xapón e a Unión Europea.

Aínda que empregan pouca man de obra, a súa actividade condiciona o resto da economía, xa que fai que se poida expandir e desenvolver. O valor xerado polas actividades financeiras supera o valor de todas as actividades económicas non financeiras. O seu crecemento débese á **internacionalización** e a **globalización da economía**.

Créditos: [FDV](#)



Interior da Bolsa de Madrid.

Actividades

1. Sinala se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

Nos países desenvolvidos a xestión e o control do gasto público realízanos as administracións e as empresas privadas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

A sanidade e a educación están garantidas en todos os países do mundo xa que en todos existe o estado de benestar.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Son servizos públicos os administrativos, a cobranza de impostos, defensa e seguridade, protección, servizos xurídicos etc.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Nos países en vías de desenvolvemento a sanidade é forte, especialmente en zonas rurais, xa que é onde máis poboación vive.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Debido á falta de sanidade nos países empobrecidos a esperanza de vida é baixa e a mortalidade infantil, alta.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

2. Selecciona cales desta afirmacións sobre a educación son correctas:

- ☐ É un servizo esencial como a sanidade. Nos países desenvolvidos, que contan cun estado de benestar, está garantida.
- ☐ Soamente pode ser ofrecida por empresas privadas polo seu elevado custo, aínda que é planificada e regulada legalmente polos organismos públicos.

- ☐ En países desenvolvidos a educación é exclusiva das elites urbanas e dos gobernantes.
- ☐ O desenvolvemento cultural e educativo dun país e o seu investimento en I+D+i indican o seu nivel de desenvolvemento.


3. Sinala a afirmación correcta sobre as actividades financeiras que vexas a continuación:

- ☐ Podémolas atopar moi desenvolvidas nos países máis ricos e nos máis empobrecidos.
- ☐ Empregan pouca man de obra xa que teñen pouca importancia na economía actual.
- ☐ O valor que xeran é superior ao valor de todas as demais actividades económicas.
- ☐ Dise que a economía se globalizou pola cantidade de créditos que se piden.

4. Indica a que sector dos propostos pertence cada unha destas profesións:

- Bombeira ➤
- Funcionario de Facenda ➤
- Profesor dun IES ➤
- Xuíza ➤
- Policía ➤
- Enfermeiro ➤

5. Busca información sobre os servizos públicos que existen no teu municipio. Cales son, como se financian, onde se localizan, como se clasifican e todo aquilo que queiras destacar nunha redacción.



- 6. Traballa en parellas.** Lede con atención os seguintes datos que aporta a [OMS](#), reflexionade e contestade as seguintes preguntas:

Datos e cifras

- Preto da metade da poboación mundial carece de acceso integral aos servizos de saúde básicos.
- Preto de 100 millóns de persoas vense abocadas á pobreza extrema (é dicir, viven con 1,90 dólares ao mes ou menos) por ter que pagar os servizos de saúde do seu propio peto.
- Máis de 930 millóns de persoas (ao redor do 12% da poboación mundial) gastan polo menos un 10% do seu orzamento familiar para pagar os servizos de saúde.
- Todos os estados membro das Nacións Unidas acordaron tratar de acadar a cobertura sanitaria universal como moi tarde en 2030, no marco da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- A atención primaria de saúde pode atender entre o 80% e o 90% das necesidades sanitarias da poboación ao longo da súa vida.
- Hai un desaxuste de 18 millóns de profesionais entre o persoal sanitario en activo en todo o mundo actualmente e o que se necesitaría para garantir a cobertura sanitaria universal.
- A cobertura de vacinación contra a difteria, o tétanos e a tose ferina mantense no 85% (2017), o que deixa 19,9 millóns de nenos e nenas vulnerables ante enfermidades que se poderían previr mediante a vacinación.

- a. Cres que toda persoa debería ter garantida a asistencia sanitaria? Xustifica a túa resposta.
- b. Que tipo de países ten garantido este servizo e por que?
- c. Crees que todos os países do mundo lograrán alcanzar a cobertura sanitaria universal en 2030? Xustifica a túa resposta.
- d. En que mellorarían os cidadáns dos países que actualmente non teñen cobertura sanitaria? Razoa a túa resposta.

O transporte e as comunicacións

O transporte

O transporte consiste no traslado ou desprazamento de persoas e/ou mercadorías dun lugar a outro, permitindo e favorecendo o contacto humano, a comunicación e o intercambio de produtos e materias primas. Para poder realizalo necesítanse infraestruturas e instalacións (portos, aeroportos, estradas etc.) e os vehículos ou medios de transporte que se van a utilizar para efectualo (avións, trens, barcos...). A unión de todos estes elementos configura as redes de transporte.

Actualmente é esencial na nosa sociedade, é un dos sectores económicos que máis se desenvolveu no último século. A **revolución dos transportes** supón a xeneralización de medios e o desenvolvemento de infraestruturas, especialmente das estradas, a expansión do automóbil desde mediados do século XX, ademais da redución dos custos e do tempo dos desprazamentos.

Os medios de transporte conectan espazos, especialmente os comerciais, creando redes que unen cidades ou estas con grandes espazos industriais, núcleos de

atracción económica, comercial ou turística. Estas redes son nacionais e internacionais, xa que a súa finalidade é facilitar os desprazamentos, o fluxo de mercadorías e persoas. Xorden como consecuencia da evolución económica do país. Así, nos países desenvolvidos as redes de transporte están máis desenvolvidas e comunican zonas urbanas con interurbanas, espazos comerciais, industriais, turísticos etc., facilitando todas as actividades económicas e a mobilidade.

Actualmente búscase que o transporte sexa máis rápido, seguro, barato, que aumente a súa capacidade e que diminúa o seu impacto ambiental (contaminación).

Créditos: [Lars Plougmann](#)



España é o primeiro país da UE en canto á rede ferroviaria, e o cuarto do mundo. Na imaxe, un tren de alta velocidade con levitación magnética en Shangai.

En cambio, nos países en vías de desenvolvemento o transporte é deficitario, as súas redes non teñen unha ampla e boa distribución no territorio, senón que priman as comunicacións entre os lugares de produción (fábricas ou minas) cos da distribución (fundamentalmente portos). Isto dificulta as relacións comerciais e a mobilidade da cidadanía. Esta situación está a empezar a cambiar moi lentamente, especialmente entre as cidades e os centros de produción.

Nos países máis empobrecidos as redes de transporte son case inexistentes e atópanse en moi malas condicións. Limítanse á contorna da capital do estado ou a conectala cos centros de produción (normalmente mineiros) e cos portos para facilitar a exportación.

As comunicacións

O das comunicacións é un dos sectores (dentro do terciario) con maior importancia nos países desenvolvidos. Son claves para favorecer as relacións e conectar persoas que están afastadas entre si (telefonía, móbiles, Internet, redes sociais...); para facilitar entretemento e lecer a través de canles de televisión, videoxogos, películas online etc.; e para desenvolver distintas actividades como as financeiras, o comercio electrónico ou a administración.

A súa historia remóntase a finais do século XIX, coa aparición de inventos como o telégrafo ou a radio. O seu desenvolvemento continúa a principios do XX co auxe do cinema e anos despois a chegada da televisión. É desde a década dos 90 cando se transforman enormemente, debido á expansión da telefonía móbil e a aparición da Internet, modificando a nosa forma de traballar, de comprar, de comunicarnos, de relacionarnos, de aprender, de informarnos etc. Falamos da **revolución das telecomunicacións**, que se produce na sociedade da información, aquela en que cada persoa pode estar comunicada e recibir información desde calquera lugar do planeta. Isto conséguese grazas á utilización de satélites e comunicacións por cable ou fibra óptica, que aceleran a comunicación e a transmisión de datos, producíndose de maneira case inmediata.

Os medios de comunicación e información ou *mass media* inflúen cada vez máis na sociedade, modificando gustos, condutas, pensamentos etc. O seu efecto é tal que son capaces de crear unha cultura popular ou de masas que ditamina normas ou comportamentos comúns en todo o mundo, polo que o seu control se converte nun instrumento máis de poder e de fomento de valores e pensamentos, especialmente en países democráticos. En países contrarios á democracia o control dos medios de comunicación e información é alto por parte do goberno para evitar críticas e que exista unha oposición con voz propia.

Actualmente as necesidades de información e entretemento a través destes medios están cubertas polos estados ou polas empresas privadas, que buscan un maior acceso ás redes e ás telecomunicacións, realizando fortes investimentos, e creando infraestruturas e instalacións que cada vez son máis importantes no noso día a día.



O desenvolvemento das telecomunicacións e as innovacións tecnolóxicas favoreceron o teletraballo e a teleformación durante a pandemia da Covid-19.

As telecomunicacións aplícanse na actualidade á nosa forma de traballar, aparecendo o teletraballo, que favorece a conciliación laboral e familiar entre outras melloras. Pero tamén se aplica ao mundo educativo, xurdindo a teleformación e facilitando a formación da cidadanía ao ofrecer flexibilidade horaria á vez que aumenta e difunde o coñecemento. Ademais, xurdiron novas profesións relacionadas coas TIC' s como as seguintes:

- Influidor ou influidora (*influencer*): persoa moi activa en redes sociais onde promociona comercialmente diversos produtos.
- Responsable de comunidades virtuais (*community manager*): persoa encargada de xestionar as redes sociais dunha empresa, dándolles visibilidade, conseguindo seguidores e seguidoras, resolvendo consultas ou reclamacións. É a responsable de visibilizar a empresa na Rede.
- Especialista en ciberseguridade: persoa encargada de buscar e emendar calquera defecto ou problema de seguridade informática nunha empresa, tanto na Rede como no seu funcionamento interno, protexendo datos e información clave.
- Deseñador ou deseñadora de páxinas web ou aplicacións informáticas.

Aínda que a revolución das telecomunicacións chegou a case todas as partes do mundo, non é igual nos países desenvolvidos que nos máis empobrecidos. Segue existindo a chamada fenda dixital, que mide o acceso á información e á comunicación: non todo o mundo ten garantido dito acceso, agrandando aínda máis as diferenzas entre países. Nas economías avanzadas as desigualdades fanse máis esaxeradas, ao converterse no principal medio de relacionarse entre empresas, organismos etc. Así, afástase do mercado laboral a quen non teña acceso ou descoñeza o seu uso.

Para estar ao día das novas profesións máis demandadas ao abeiro da era dixital podedes consultar [este informe](#) do Observatorio da Sociedade da Información, no que se destacan postos relacionados coas novas tecnoloxías (programación, análise de datos, consultoría, creación de contidos dixitais...) e coas novas estratexias de negocio (xestión de proxectos ou de contidos, responsable de comunidades virtuais...).

Clasificación dos transportes

Os medios de transporte pódense clasificar en terrestres, navais e aéreos. Cada un presenta unha serie de necesidades que abarcan infraestruturas e medios, ademais dunhas características propias.

Transporte terrestre

O transporte terrestre realízase por estrada ou por medio do ferrocarril. Úsase para distancias curtas e medias, e tanto para o transporte de mercadorías como o de persoas. Ambos necesitan de importantes infraestruturas para poder realizarse: redes de estradas, autovías ou autoestradas coa construción de pontes ou túneles. No caso do ferrocarril, o trazado das vías férreas tamén inclúe pontes, túneles, a instalación de catenarias e tendido eléctrico. A construción destas infraestruturas vese afectada por factores físicos, especialmente o relevo, e humanos, pois conectan espazos urbanos con núcleos industriais, comerciais ou con outros núcleos de poboación.

Créditos: [Michiel1972](#)



Vista aérea de Vallecas, en Madrid, con varias circunvalacións e nós de autoestradas.

Desde mediados do século XX a utilización do **transporte por estrada** foi en aumento de forma espectacular nos países desenvolvidos, onde a densidade da rede viaria é cada vez maior, debido á necesidade de fomentar as comunicacións e de satisfacer a demanda por motivos laborais, de lecer, comerciais, industriais etc. e pola xeneralización do automóbil. Normalmente existe unha xerarquía na rede de estradas, tanto pola súa importancia como polas súas características. Así, existen redes rápidas de alta capacidade (autovías e autoestradas) que conectan os principais núcleos nacionais cos principais roteiros internacionais, xunto coa rede de estradas secundaria.

A súa gran vantaxe é a súa flexibilidade, tanto en horarios como en traxectos. Pero tamén ten inconvenientes: o elevado número de vehículos e viaxes por estrada que utilizan combustibles fósiles producen un problema ambiental serio. Para liquidar este problema, téntase fomentar o uso do transporte público, a investigación e o uso de combustibles alternativos (biocombustibles) ou vehículos que consuman menos enerxía ou menos contaminante, como os vehículos eléctricos. Ademais, limítase o uso e a circulación do automóbil dentro das cidades, fomentando o transporte público e as zonas peonís, co fin de diminuír o impacto ambiental que ten a súa consecuencia nas coñecidas “boinas”, nubes de polución que se sitúan enriba das grandes cidades, como

ocorre en Londres ou en Madrid.



Os vehículos eléctricos, que contaminan moito para a fabricación das baterías, reducen a contaminación ao longo da súa vida útil en proporción cos de combustible.



Patinete eléctrico, unha das novas formas de transporte.



A bicicleta tamén se converteu nun medio de transporte popular nos últimos anos, especialmente nas cidades.

Desde a aparición do **ferrocarril** a principios do século XIX xeneralizouse o seu uso como medio de transporte de mercadorías e persoas, crescendo de maneira exponencial o seu uso e extensión. Foi o medio de transporte por excelencia na primeira fase da Revolución industrial. Desde a segunda metade do século XX perdeu peso fronte ao transporte por estrada e o aéreo. A súa rapidez e, sobre todo, á súa capacidade de carga, sempre o mantiveron como importante no transporte de mercadorías.

Desde finais do século XX vive un novo esplendor grazas á expansión das liñas de alta velocidade (AVE, Alvia, TGV, tren bala) que o fan competitivo fronte ao automóbil e ao avión en distancias medias, ademais das melloras nos trens de mercadorías e no uso de contedores que facilitan os labores de carga e descarga.

Nas grandes cidades poténsiase o uso de trens de proximidade, utilizados a diario por persoas para acudir ao seu lugar de traballo. Comunican poboacións limítrofes (cidades dormitorio) coas grandes urbes, e nestas últimas podemos atopar o metro: un medio de transporte público que vai polo subsolo e é o medio máis rápido e barato para moverse dentro das grandes urbes.



Trens de alta velocidade.


O transporte terrestre complétase con outros tipos menos coñecidos:

- **A través de tubaxes**, para distribuír e/ou abastecer de determinados produtos ou materias primas de primeira necesidade, como a auga ou o gas. Son as conducións de saneamento de auga corrente, os gasodutos ou os oleodutos.



Oleoducto.

- **Por cable.** Desde o desenvolvemento das telecomunicacións prodúcese tamén o transporte de información a través de cables, como son a rede do tendido eléctrico, as liñas telefónicas ou a rede de fibra óptica ou cable que favorecen as comunicacións informáticas.



Cable de telecomunicación no fondo mariño.

Transporte naval

Realízase pola auga, por medio de barcos ou outro tipo de embarcacións. Distinguimos o transporte marítimo, que se realiza por mar, e o fluvial, por ríos e lagos.



O **transporte marítimo** é, desde antigo, o máis utilizado no mundo para o desprazamento de mercadorías a media e longa distancia, pola súa gran capacidade de carga e o seu baixo custo. Aínda que é lento, ten unha alta rendibilidade debido ao volume e á variedade de carga. Transporta fundamentalmente materias primas e produtos manufacturados.

Desde mediados do século XX perdeu peso como transporte de persoas, ante o éxito do ferrocarril e o avión, que son máis rápidos. Actualmente vive un pequeno rexurdir grazas ao turismo, especialmente polo auxe dos cruzeiros.

Requírense grandes barcos e infraestruturas portuarias cada vez de maior importancia ao aumentar o calado dos novos navíos. Normalmente estas infraestruturas son financiadas polos estados, pois favorecen o desenvolvemento comercial dos países. Ademais, atópanse conectadas con outros portos a nivel nacional e internacional. Nos países desenvolvidos estas redes están á súa vez conectadas con outras, como as ferroviarias ou as de estrada, co fin de poder distribuír os produtos con maior eficacia e rapidez.



Porto exterior de Punta Langosteira, en Arteixo.

O transporte marítimo está en mans de grandes compañías navieiras que forman multinacionais ou que circulan baixo pavillóns de conveniencia co fin de diminuír custos e/ou aproveitar roteiros, normalmente moi longos. O maior tráfico marítimo prodúcese no Atlántico norte e no Pacífico. Isto está directamente relacionado coa globalización e a deslocalización: danse numerosas viaxes entre os países ricos e aqueles que están en vías de desenvolvemento e os chamados emerxentes. Grandes obras de enxeñería como a canle de Suez ou a de Panamá facilitan e axilizan as transaccións comerciais á vez que xeran grandes ingresos na zona. As transaccións máis importantes do mundo realízanse nos portos de Rotterdam e Hamburgo en Europa, Nova York e Os Ánxeles en EEUU, e Shanghai e Hong Kong en Asia.

O transporte marítimo tamén transporta persoas, actualmente e na súa maioría en cruceiros turísticos, ocupando esta actividade unha porcentaxe reducida se se ten en conta todos os fluxos mundiais.

PRINCIPAIS ROTEIROS DO TRANSPORTE MARÍTIMO MUNDIAL		
ROTEIROS	PAÍSES	PRODUTOS
Atlántico setentrional	Entre Europa e EEUU	Manufacturas e produtos gandeiros e agrícolas
América do Norte-canle de Panamá	México e outros países de América do Norte e Centroamérica con EEUU	Produtos agropecuarios e materias primas
Pacífico	EEUU e Xapón	Manufacturas e produtos tecnolóxicos
Índico	Países emerxentes de Asia	Manufacturas e materias primas
Atlántico	Europa e Sudamérica	Manufacturas, materias primas, agropecuarios
Mediterráneo-canle de Suez	Países asiáticos e de Oriente Medio coa UE	Cereais, minerais, manufacturas, petróleo...

No que respecta ao **transporte fluvial** precísanse ríos cunha serie de características físicas, como por exemplo que transcorran por zonas chairas ou que sexan caudalosos e navegables. Algunhas destas características pódense emendar mediante obras de enxeñería, como a creación de canles, esclusas ou presas. Normalmente estas infraestruturas son financiadas e dirixidas polos estados, debido ao seu alto custo, polo que practicamente atopámolos en exclusiva nos países desenvolvidos. En xeral as compañías que se dedican a este tipo de transporte son privadas.

O transporte fluvial foi un medio tradicional en determinadas zonas do planeta, como Europa central e do leste (a través de grandes ríos como o Danubio, o Rin, ou o Volga) ou no Báltico, concas americanas (como a do Mississippi e a zona dos Grandes Lagos) ou africanas (a do río Nilo, o Congo ou o Níxer), ou os grandes ríos navegables asiáticos.

Desde mediados do século XIX perdeu peso fronte ao ferrocarril, pero recupérase aos poucos desde a década dos anos 50 do século XX.

O transporte fluvial serve tanto para mercadorías como para pasaxeiros (transbordador), habendo barcos especializados nun, noutro ou mixtos. Percorren distancias medias que se atopan limitadas aos cursos dos ríos, ou traxectos dentro de lagos. Desde hai uns anos a UE está a fomentar o seu uso e desenvolvemento en Europa Central debido á alta concentración de poboación e industria e ás condicións físicas dos seus ríos.

Transporte aéreo

Aparece a principios do século XX pero desde a segunda metade do século non deixou de crecer ata converterse no medio de transporte máis frecuente para media e curta distancia nos países máis desenvolvidos. É o medio de transporte máis rápido e seguro, o que fixo que se estendese como o medio máis utilizado en viaxes de pasaxeiros e pasaxeiras en traxectos continentais e intercontinentais (medias e longas distancias), especialmente por motivos de lecer (turísticos), cun uso máis popularizado desde a aparición de compañías que ofrecen billetes a baixo custo.

Para o transporte de mercadorías ten unha utilidade limitada, pois a súa capacidade de carga é pequena e o seu elevado custo fai que soamente se transporten por vía aérea produtos de reducido tamaño, de altísimo valor (xoias, obxectos de luxo, compoñentes electrónicos...), produtos perecedoiros (por exemplo, as flores), de primeira e urxente necesidade (medicinas), ou de entrega urxente (prensa e correo).

Os inconvenientes deste tipo de transporte son fundamentalmente o seu alto prezo, o alto custo das súas infraestruturas e o seu mantemento, o alto consumo de combustible e a súa elevada contaminación atmosférica e acústica (especialmente a que se produce ao redor dos aeroportos). Ademais son necesarios outros transportes

para enlazar a pasaxeiros e mercadorías co seu destino final.

Este tipo de transporte está moi desenvolvido nos países do chamado primeiro mundo, os de maior industrialización, destacando os países da UE e EEUU, polo seu gran número de infraestruturas, compañías (tanto públicas como privadas), roteiros, aeronaves, viaxes e pasaxeiros e pasaxeiras. A maior densidade de transporte aéreo prodúcese no Atlántico Norte, precisamente para unir estas zonas, altamente industrializadas e poboadas. A esta zona séguelle a do Pacífico, que une países como Xapón, India, China e Corea do Sur con EEUU.



Sabías que...?

O uso de contedores no transporte revolucionou o comercio, xa que facilita o transporte das mercadorías, axiliza a súa xestión e maximiza o aproveitamento do espazo que posúe o interior do vehículo de transporte e a almacenaxe das mercadorías.

Existen diversos tipos de contedores, cada un para un tipo de mercadoría, traxecto e tipo de transporte.



Sabías que...?

No mundo existen dúas canles artificiais que son claves no transporte marítimo mundial.

- A **canle de Suez**, que comunica o mar Mediterráneo co mar Vermello, foi construída entre 1859 e 1869 por unha compañía franco-británica, e actualmente está controlada por Exipto. A súa lonxitude é de 193,3 km, o seu ancho oscila entre os 280 e os 345 m, e

a súa profundidade media é de 22.5 m. Permite o paso a barcos de ata 20 metros de calado e 240 000 toneladas cunha altura máxima de 68 metros por enriba do nivel da auga.

No ano 2020 transitaron pola canle case 20 000 barcos, con máis de 1200 millóns de toneladas de carga, segundo os datos achegados pola autoridade da canle (ACS), o que supón o 12% do comercio global.

O 23 de marzo de 2021, a canle foi bloqueada polo Ever Given, un buque portacontedores que se atravesou despois de virar por un intenso refacho de vento. Estímase que no tempo en que o barco estivo atrancado, 6 días, producíronse perdas de máis de 15 millóns de dólares, quedando afectado o 10% do comercio marítimo mundial. Le o seguinte [artigo](#) para coñecer a “canle de Fistera”, un corredor creado fronte ás costas galegas polo que circulan cada ano máis de 40 000 barcos.



Canle de Suez.

- A **canle de Panamá** une o océano Atlántico á altura do mar Caribe co océano Pacífico, atravesando o punto máis estreito do istmo de Panamá. Inaugurouse en 1914, é unha das grandes obras de enxeñería do século XX, xestionada por Panamá a través da

autoridade da canle (ACP). O paso dos barcos realízase a través de esclusas. Mide 80 km de longo, a súa profundidade é de 12,8 m no Atlántico e de 13,7 m no Pacífico, a súa anchura varía entre os 91 e o 300 m. Ampliouse no ano 2016 coa inauguración dun terceiro xogo de esclusas e a ampliación do leito.

O roteiro que pasa pola canle é o segundo en importancia no comercio marítimo mundial, calculando para 2021 que pasarán uns 12 000 barcos. Podes botar unha ollada ao documental *Galegos na canle de Panamá*, sobre a construción desta gran obra.



Por último, observa un breve resumo coas vantaxes e os inconvenientes do transporte terrestre, marítimo e aéreo:



Transporte terrestre

	Vantaxes	Inconvenientes
Estrada	- Moi flexible. - Gran desenvolvemento. - Gran número de infraestruturas e vehículos. - O máis utilizado en distancias medias e curtas. - Facilita a distribución a curta distancia, debido a que é fácil moverse e á flexibilidade horaria. - Mercadorías de pouco peso e distancias curtas.	- Elevado custo das infraestruturas tanto na súa construción como no seu mantemento. - Elevada contaminación. - Alta densidade, o que provoca accidentes e faino moi contaminante. - A súa capacidade de carga é limitada. - Lento.
	- Permite transportar cantidades medias e curtas.	- Elevado custo das infraestruturas e do seu

	a media e curta distancia	mantemento.
	Vantaxes	Inconvenientes
Ferrocarril	- Elevada capacidade de carga. - Baixa contaminación, especialmente se está electrificado. - Moi seguro. - Rapidez. - Para persoas está a xeralizarse a alta velocidade.	- Escasa flexibilidade, os roteiros límitanse a onde se localizan as infraestruturas. - É necesario o transporte por estrada (camións ou automóbiles) para chegar o produto ou persoa ao seu destino final.

Transporte naval

	Vantaxes	Inconvenientes
Marítimo	-Transporta mercadorías, e pasaxeiros ou pasaxeiras. - Gran cantidade de carga, mercadorías pesadas e voluminosas. - Permite viaxes a longa distancia. - Alta seguridade. - Barato.	- Moi lento. - Son necesarias infraestruturas específicas: os portos. - Precisa do transporte por estrada (camións ou automóbiles) para chegar o produto ou persoa ao seu destino final.

	Vantaxes	Inconvenientes
Fluvial	- Transporta persoas e mercadorías. - Permite viaxes a media e curta distancia. - Alta seguridade.	- Son necesarias determinadas infraestruturas como a creación de canles, esclusas e portos. - Non todos os ríos son navegables. - É necesario o transporte por estrada (camións ou automóbiles) para chegar o produto ou persoa ao seu destino final.

Transporte aéreo

Vantaxes	Inconvenientes
-Transporta fundamentalmente pasaxeiros ou pasaxeiras. - Moi rápido. - Permite distancias longas e medias en moi pouco tempo. - Transporta mercadorías perecedoiras, urxentes, de pequeno tamaño e alto valor. - Alta seguridade. - Coas compañías de baixo custo o seu prezo reduciuse, especialmente no transporte de persoas con fins turísticos.	- Elevado prezo. - Escasa rendibilidade en mercadorías, por iso son de reducido tamaño e alto valor. - Alto consumo de combustible. - Elevada contaminación tanto atmosférica como acústica. - Necesarias infraestruturas como aeroportos e as súas instalacións, custosas de construír e de manter. - É necesario o transporte por estrada (camións ou automóbiles) para achegar o produto ou persoa ao seu destino final.

Actividades

1. Analiza as seguintes imaxes e expón os impactos medioambientais que estas infraestruturas e medios de transporte xeran na contorna:



2. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

O transporte consiste no traslado ou desprazamento de persoas e mercadorías dun lugar a outro, permitindo e favorecendo o contacto entre persoas, a comunicación, e o intercambio de produtos e materias primas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Unha rede de transporte está formada polas infraestruturas e instalacións, os vehículos e os medios de transporte necesarios.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A revolución dos transportes fai referencia a que cada vez existen medios de transporte que conseguen alcanzar grandes velocidades, como é o caso do tren bala.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os medios de transporte conectan espazos comerciais que unen cidades con grandes espazos industriais, comerciais e turísticos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As redes de transporte son nacionais, as internacionais soamente existen para transportes marítimos e aéreos a longa distancia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Nos países en vías de desenvolvemento o transporte é deficitario, o que dificulta as relacións comerciais e de mobilidade. Por contra, nos empobrecidos a rede de transporte está moi desenvolvida debido á minería.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 3.** Selecciona as respostas correctas nesta listaxe con afirmacións sobre as comunicacións:

- ☐ É un sector moi importante no mundo desenvolvido.
- ☐ As comunicacións xorden a finais do século XIX coa aparición do telégrafo e a radio.
- ☐ Internet e a telefonía móbil modificaron a nosa forma de relacionarnos pero non a nosa forma de traballar, comprar, aprender...
- ☐ Nos países contrarios á democracia a información é accesible para toda a cidadanía e non está nesgada.

4. Sinala se cada unha destas características é unha vantaxe ou un inconveniente segundo o tipo de transporte:

O ferrocarril xera baixa contaminación, especialmente se está electrificado.

►

O transporte marítimo depende de desprazamentos por estrada (camións ou automóbiles) para achegar o produto ou a persoa ao seu destino final.

►

O transporte por estrada ten un elevado custo en canto á construción e ao mantemento das infraestruturas.

►

Coas compañías de baixo custo reduciuse o prezo do transporte aéreo, especialmente o de persoas con fins turísticos.

►

5. Realiza unha viaxe desde o teu lugar de residencia ata o Xapón. Debuxa nun [mapa](#) cal será o teu roteiro e explica na aula todos os medios de transporte que terás que utilizar para chegar da maneira máis barata e rápida ao teu destino.

6. Traballa en equipo. Tedes que ir a Barcelona desde o voso lugar de residencia cunha caixa chea de libros que pesa 150 kg. e é de grandes dimensións. Realizade unha planificación dunha viaxe segundo o tipo de transporte: automóbil, autobús, ferrocarril, avión ou barco. Sinalade o tempo que

tardariades, o nivel de contaminación (alto, medio, baixo) e o custo aproximado. Por último, indicade que medio sería o máis rendible.

7. Nun mapamundi coma [este](#) sinala con distintas cores os principais roteiros mundiais e debuxa os principais produtos que se transportan.

O comercio

O comercio é unha actividade que consiste no intercambio ou compra-venda de bens e servizos entre quen produce e quen consome, a cambio dun beneficio económico, normalmente monetario, co fin de satisfacer unha necesidade.

Ao longo da historia foi unha actividade moi importante, facilitando as relacións entre os pobos e enriquecéndoos económica, científica e culturalmente.

Actualmente o comercio é un sector moi relevante nos países desenvolvidos, onde a súa porcentaxe, en relación ao comercio mundial, é alta, moi afastado do dos países en vías de desenvolvemento (sendo este un indicador do grao do desenvolvemento dun país). O crecemento que experimentou débese a unha serie de cambios no consumo:

- Aumento da produción pola súa mecanización, medrando os excedentes que permiten maior número de mercadorías cos que comerciar.
- Mellora do poder adquisitivo da poboación (no mundo desenvolvido) aumentando a demanda.
- A revolución dos transportes e as comunicacións, que aumentaron as súas redes, a súa frecuencia e rapidez.

Ademais, o comercio actual ten as seguintes características:

1. Existencia de mercados internacionais, nacionais, rexionais, comarcais e locais.
2. Maior protagonismo das grandes empresas e as multinacionais.
3. Gran volume e variedade de mercadorías.
4. Libre comercio e transaccións económicas que se rexen pola lei da oferta e a demanda (nos países desenvolvidos).
5. Establecemento de normas internacionais para liberar e axilizar o comercio, eliminando trabas aduaneiras ou fronteiras e a creación de institucións internacionais que agrupan mercados.
6. Importancia da banca e as finanzas, o financiamento é fundamental.
7. Maior dependencia entre os países desenvolvidos e os menos desenvolvidos polos intercambios desiguais. As economías avanzadas importan materias primas e produtos elaborados de baixo custo, e exportan outros con alto valor, como no caso da tecnoloxía.
8. Nos países desenvolvidos hai un crecemento do comercio debido ao maior consumo, ao aumento do poder adquisitivo e ao aumento da produción. Mentres tanto, nos países en vías de desenvolvemento as multinacionais conviven co comercio tradicional e o ambulante.
9. Xeración de numerosos postos de traballo.
10. Concentración nas contornas urbanas que contan con redes de transporte e comunicacións.
11. Importancia cada vez maior da publicidade e do márketing, que incitan ao consumo.
12. Internacionalización: as relacións multilaterais están organizadas arredor de eixos e áreas de influencia. A maioría destas transaccións comerciais internacionais localízanse na UE, os EEUU, China e o Xapón.
13. Auxe do comercio electrónico (*e-commerce*).
14. Proceso de globalización da economía.



Sabías que...?

Xa sabes que Internet revolucionou a nosa forma de vida transformando algunhas parcelas como é a formación (teleformación, á que tivemos que recorrer durante o confinamento, ou o teletraballo). Pero a difusión desta tecnoloxía tamén afectou ás relacións comerciais, facendo que un establecemento poida vender máis aló das súas paredes, grazas ás páxinas web. Estas ofrecen a posibilidade de comprar desde case calquera punto do planeta, o que fixo que se desenvolva o comercio electrónico ou *e-commerce*.

Defínese comercio electrónico ou *e-commerce* como aquelas compras que se realizan a través de sistemas informáticos de intercambio de información, xeralmente realízanse a través de Internet e abónanse mediante pago electrónico (tarxetas de crédito ou outros soportes informáticos) e outras formas de pago non electrónicas. É unha combinación perfecta entre tecnoloxías e técnicas de márketing. A súa orixe está na década dos anos 20 do século pasado, coa venda por catálogo que nos anos 80 evolucionou a televenda apoiándose na publicidade que ofrecía a televisión e os pagos mediante tarxeta de crédito. Pero é a Internet a que revoluciona verdadeiramente este comercio, facilitando e mellorando a accesibilidade dos usuarios e usuarias coas marcas e facilitando o xeito de realizar as compras. Na década de 1990 aparecen os primeiros portais de venda, é cando aparecen empresas como Amazon ou Ebay.

Actualmente a xeneralización das tecnoloxías e a súa sinxeleza no manexo facilitan as compras pola Rede, provocando o auxe deste tipo de comercio e a aparición e consolidación das grandes plataformas de venda.

Algunhas das vantaxes do comercio electrónico son:

- O seu alcance global. Pódese comprar desde calquera parte do mundo a calquera lugar do planeta, sen horarios.
- Redúcense custos ao poder prescindir de tendas físicas.
- As empresas amplían o seu negocio ao incrementar a súa oferta de produtos e servizos, pero sen realizar grandes investimentos, reducindo custos ao non necesitar tendas físicas. As tendas en liña teñen menores gastos de xestión e custos.

O comercio electrónico tamén se enfronta a problemas, como son:

- A gran competencia, especialmente por parte das grandes empresas e multinacionais

que teñen un maior posicionamento na Rede que as pemes.

- Para que o comercio electrónico teña éxito hai que ter un bo posicionamento en redes sociais, e un forte investimento en márketing, ademais de investir en tecnoloxías.
- Problemas de ciberseguridade. As tendas en liña adoitan recibir ciberataques o que pode provocar certas reticencias por parte das persoas consumidoras.

Intenet cambiou e segue a cambiar os hábitos de consumo da sociedade: as compras en liña creceron especialmente durante o confinamento, aumentando o número de persoas que as prefiren antes que ao establecemento físico. Ademais, este tipo de comercio provocou que se creen e aumenten os centros loxísticos e as empresas de paquetería que distribúen as mercadorías, e que se estendan os medios de pago telemáticos mediante aplicacións como PayPal ou Bizum.

Podedes botar unha ollada a este programa de RTVE: [Internet revoluciona o comercio](#).

O comercio inflúe no espazo xeográfico, transformando a paisaxe coa creación de redes de transporte e comunicacións.

- Nas **zonas rurais** predomina o pequeno comercio tradicional disperso nos baixos das casas, mentres que no centro das cidades hai prevalencia do comercio tradicional, cada vez máis especializado, espaxado por rúas e prazas, dinamizando a actividade social e económica.
- Na **periferia** predominan os polígonos industriais, grandes superficies, áreas e complexos comerciais. Desde os anos 70 do século XX, os centros comerciais e grandes superficies están a converterse en lugares de lecer onde ademais de comprar se pode acudir ao cinema, a un restaurante ou a unha sala de xogos, por exemplo.
- Os **centros de distribución ou loxísticos** son necesarios para contactar cos centros comerciais, interrelacionalos e que os intercambios e a distribución de produtos sexan máis rápidos. Para logralo cotan coa robótica. Estes centros, tamén chamados **plataformas loxísticas**, son unha concentración de grandes almacéns de mercadorías en extensos recintos ou polígonos industriais organizados para favorecer os usos comerciais. Atópanse perfectamente comunicados coas principais redes de transporte ou nos roteiros das mesmas e contan con innovacións en robótica. Un exemplo atopámolo en PRAZA, [a plataforma loxística máis grande de Europa](#), que está en Zaragoza.

Dentro das actividades comerciais hai que diferenciar o comercio interior do exterior.

Comercio interior

Son todas as transaccións comerciais que se realizan dentro das fronteiras dun país, polo que se rexe por unhas normas lexislativas comúns. Hai dous tipos:

- **O comercio por xunto ou almacenista.** Cómpranse grandes cantidades de mercadorías directamente aos produtores ou produtoras para posteriormente vendelas a comerciantes ou empresas que os venderán en comercios máis pequenos, o comercio polo miúdo.
- **Comercio polo miúdo.** O comprado por xunto véndese directamente ao consumidor ou consumidora en pequenas cantidades e en establecementos máis pequenos: tendas tradicionais, supermercados, hipermercados, centros comerciais, tendas especializadas, mercados e feiras. Este tipo de establecementos clasifícanse segundo a súa función, dimensións e especialización:

Venda ambulante ou en feiras

Máis frecuente en países en vías de desenvolvemento. Consiste en postos itinerantes que expoñen e venden as súas mercadorías periodicamente.

Comercio tradicional

De proximidade aos centros urbanos, venden directamente á persoa consumidora en tendas pequenas. No mundo desenvolvido tenden á especialización para poder competir coas grandes superficies.

Grandes superficies comerciais

Falamos dos supermercados, hipermercados e centros comerciais. Desde hai unhas décadas atópanse en expansión, son habituais en núcleos de poboación con máis de 100 000 habitantes. Consisten na concertación de establecementos comerciais de grandes dimensións, son unha fortísima competencia para o comercio tradicional. O seu auxe débese aos novos hábitos de consumo, ao uso do automóbil, á expansión das redes de transporte e ao uso xeneralizado de electrodomésticos que permiten almacenar alimentos nas vivendas, favorecendo que se espacie a compra de produtos perecedoiros.

Comercio exterior

Son todas as transaccións comerciais que se realizan entre países distintos, a compra de bens ou servizos desde o estranxeiro (**importacións**) e a venda destes ao estranxeiro (**exportacións**). Este tipo de comercio xera gran actividade a nivel mundial. As importacións e as exportacións definen a balanza comercial dun país. Así, pode ocorrer que:

- **A balanza comercial é positiva.** Son maiores as exportacións que as importacións, véndese máis do que se compra, polo que se di que a balanza comercial presenta superávit.
- **A balanza comercial é negativa.** Son maiores as importacións que as exportacións, cómprase máis do que se vende, polo que o país ten déficit.



Este indicador permite saber como está a **balanza de pagos** dun país, que conta todas as transaccións comerciais máis as transaccións económicas que se realizaron co resto do mundo. É a suma das exportacións menos as importacións, máis os servizos e os movementos de capital. Así, a balanza de pagos será negativa cando hai menos ingresos e excedentaria cando hai beneficios.

O aumento das relacións comerciais mundiais desde os anos 80 do século XX, a interdependencia económica e cultural entre países desenvolvidos e os menos desenvolvidos, a difusión de modelos de vida e os intercambios de todo tipo produciron a **globalización**.

O fenómeno da globalización

A globalización contribuíu á difusión cultural e científico-técnica, a expandir valores políticos a favor da democracia, pero tamén instaurou unha economía de mercado baseada no consumismo, favorecendo o desenvolvemento das economías máis fortes. Ademais, agrandou as diferenzas entre países enriquecidos e empobrecidos, destruindo a cultura e costumes tradicionais destes últimos para impoñer a dos países ricos, aumentando a contaminación e empeorando as súas condicións laborais.

O comercio exterior actual diríxeno as grandes multinacionais, grandes corporacións de empresas con sede en países desenvolvidos que comercializan por todo o mundo, controlando os prezos das materias primas e os produtos semielaborados procedentes de países emerxentes ou en vías de desenvolvemento. Aínda así, existen uns acordos xerais sobre aranceis aduaneiros e comerciais (GATT) e unha serie de organismos que se encargan de promover e controlar as normas establecidas, eliminando todas as taxas impositivas (aranceis) que impiden o desenvolvemento do libre comercio. Créanse ademais políticas que axudan ao seu desenvolvemento e perseguen o comercio desleal. Os máis importantes son:

- A OMC (Organización Mundial do Comercio).
- O Banco Mundial.
- O FMI (Fondo Monetario Internacional).

Para ser máis competitivos a nivel mundial e favorecer as transaccións, algúns países alíanse formando bloques comerciais. Destacan os seguintes:

- TMEC (Tratado comercial entre México, EEUU e Canadá). En 2020 este tratado substituíu o TLCAN (Tratado de Libre Comercio de América do Norte), que rexía

as relacións comerciais entre estes países desde 1994.

- UE (Unión Europea). É unha organización política e comercial onde se agrupan **27 países** cunha política económica común que favorece os intercambios entre os seus membros, suprime os aranceis e crea un mercado común para as importacións de fóra da Unión.
- MERCOSUR (Mercado Común do Sur). Proceso de integración comercial fundado en 1991 por Arxentina, Brasil, Paraguai e Uruguai. Conta con estados veciños asociados e grande importancia para o comercio en Sudamérica.
- CARICOM (Comunidade do Caribe). 15 nacións compoñen esta asociación comercial que rexe os intercambios nesta zona do mundo.
- ASEAN (Asociación de Nacións do Sudeste Asiático). Fundada en 1967 por Tailandia, Indonesia, Malasia, Singapur e Filipinas, actualmente está formada por 10 países.
- AfCFTA (Acordo de Libre Comercio Continental Africano). De recente creación, en 2021 xurdiu este espazo comercial, o maior do mundo, un mercado único de produtos e servizos que substitúe a nivel comercial o tratado da Unión Africana vixente ata o momento.

Tamén existen outro tipo de asociacións que se asinan entre países para influír no prezo dun produto ou ben concreto, como o caso do petróleo: a OPEP ou organización de países exportadores de petróleo condiciona o prezo deste combustible.

Os principais núcleos comerciais mundiais son os xa tradicionais EEUU, UE e o Xapón, xunto coa consolidación de China e os países do sudeste asiático. Todos eles exportan produtos industriais, manufacturas e tecnoloxía, de gran valor, e importan materias primas e fontes de enerxía a prezos moi competitivos aos países menos favorecidos. Existen exemplos, como o do Brasil ou a India, que manteñen certas peculiaridades: mentres que a maioría da súa poboación vive nunhas condicións precarias, propias de países pouco desenvolvidos, os seus gobernos invisten en novas tecnoloxías ou aeronáutica.

Actividades

1. **Traballa en equipo.** Pescudade cal é o roteiro que realiza un dos seguintes produtos agrícolas (elixide o que máis vos guste) desde o seu lugar de orixe ata Galicia, onde será transformado ou consumido. Debuxade o traxecto nun

mapamundi e explicade que medios de transporte utilizar, as escalas a realizar, as infraestruturas necesarias, os acordos comerciais que lle afectan en caso de habelos... Por último, contestade a que vai destinado o seu consumo no noso país.

- a. Café procedente das plantacións colombianas.
- b. Hevea para a produción de caucho e látex procedente de Brasil.
- c. Rosas procedentes de Kenya.
- d. Algodón procedente de China.

2. Traballa en equipo. Pescudade cal é o roteiro que realiza un dos seguintes produtos gandeiros (escollede un da listaxe) desde o seu lugar de orixe ata Galicia, onde será transformado ou consumido. Debuxade o traxecto nun **mapamundi** e explicade que medios de transporte se utilizan, as escalas que se realizan, as infraestruturas precisas, os acordos comerciais que lle afectan en caso de habelos, etc. Por último responde a que vai destinado o seu consumo no noso país.

- a. Carne de porco chinesa.
- b. Carne de vaca arxentina.
- c. La procedente de Australia.
- d. Coiro da India.

3. Selecciona a resposta correcta para completar a seguinte oración. O comercio é...

- ☐ ... unha actividade que consiste na compra-venda ou o intercambio de bens e servizos entre un establecemento comercial e a clientela.
- ☐ ... unha actividade que consiste na compra de bens e servizos entre quen produce e quen consome a cambio dun beneficio económico.
- ☐ ... unha actividade que consiste na compra-venda ou o intercambio de bens e servizos entre quen produce e quen consome a cambio dun beneficio económico.

4. Sinala verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

O aumento do poder adquisitivo da poboación no mundo desenvolvido fai que medre a demanda, polo que tamén o fai a actividade comercial.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O comercio non se viu afectado pola revolución dos transportes e as comunicacións.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A importancia das multinacionais, o auxe do *e-commerce* e a globalización da economía son características do comercio actual.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O comercio transforma a paisaxe coa creación de redes de transporte e comunicación.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os centros de distribución ou loxísticos poñen en contacto centros comerciais para axilizar e facilitar os intercambios e a distribución.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

5. Completa en cada caso coa expresión correspondente:

- a. Cando se vende directamente ao consumidor, en pequenas cantidades e en establecementos pequenos, falamos de
- b. Se se compran grandes cantidades de mercadorías aos produtores para vendelas a outros comerciantes trátase de
- c. Todos os produtos que vende ao estranxeiro un país constitúen as
- d. As son as compras de produtos que realiza un país ao estranxeiro.

6. Relaciona os seguintes conceptos coa súa definición.

Se son maiores as exportacións que as importacións.

Se son maiores as importacións que as exportacións.

Balanza comercial negativa

Balanza comercial positiva

Turismo e lecer

O turismo consiste no desprazamento de persoas de xeito temporal por motivos de lecer. A súa orixe atópase no século XIX, cando as clases acomodadas se desprazaban para gozar do verán en zonas cun clima máis suave ou para coñecer distintas culturas. Na segunda metade do século XX prodúcese o seu desenvolvemento, coa aparición da sociedade de consumo e coa revolución dos transportes, que supón a xeneralización do uso de determinados vehículos como o automóbil e o avión, a redución nos custos dos desprazamentos e o aumento e dispoñibilidade de roteiros e viaxes xunto co incremento da oferta hostaleira.

Actualmente é unha actividade fundamental en moitos países, coma no caso español, onde a súa porcentaxe no PIB é altísima. Trátase dunha actividade clave para a economía dos países receptores, en moitos casos unha oportunidade de desenvolvemento.

As cifras

Os grandes polos de atractivo turístico no mundo atópanse nas zonas de clima tépedo con riqueza paisaxística, cultural e artística, un medio natural moi pouco transformado e con gran desenvolvemento turístico (numerosas instalacións e servizos). Porén, nos últimos anos o crecemento das economías emerxentes (a clase media xurdida nestes países quere viaxar) e a aparición de plataformas e novas canles de comunicación directa coa clientela fixo aumentar e diversificar a oferta e a demanda turística.

Os países desenvolvidos contan cun sector turístico forte, son os maiores emisores de turistas, destacando: China, a UE, os EEUU, o Xapón e Australia, entre outros. Nos países en vías de desenvolvemento o sector ten menor crecemento polas deficiencias de seguridade, risco de atentado, maior delincuencia e menor número de infraestruturas turísticas e de transporte; aínda así, Asia (especialmente a zona do Pacífico) e o norte de África están a ver incrementado o seu número de visitantes de forma importante.



Para saber máis


O turismo é unha actividade que está relacionada coas vacacións. En España, as persoas traballadoras teñen dereito a gozar dos seus días de descanso desde 1931, cando Largo Caballero, ministro de Traballo da Segunda República, asinou a lei do Traballo que permitía este descanso do que o funcionariado xa gozaba desde 1918. Nesta [ligazón](#) tes toda a información, descúbrea.

Os países que máis turismo reciben están principalmente en Europa: estamos a falar en primeiro lugar de Francia e España. O tipo de turismo que se achega aos países do Mediterráneo (Italia e Grecia tamén) busca patrimonio, gastronomía, sol e praia. Alemaña tamén aparece na clasificación dos 10 países máis visitados do mundo. En terceiro lugar atopamos os EEUU, sempre nos postos máis altos a nivel mundial en recepción de turistas. Os seus atractivos son as súas grandes urbes como Nova York, Chicago, Washington ou San Francisco, os seus numerosos parques naturais ou as praias de Florida e California.

Países como China, Turquía, México ou Tailandia manteñen a tendencia a medrar en número de visitantes desde fai uns anos. Podedes comprobar a evolución da listaxe cos máis visitados nesta [ligazón](#).


Créditos: [OMT \(Organización Mundial do Turismo\)](#)

Porcentaxe de turistas por rexións (2018)




Créditos: [OMT \(Organización Mundial do Turismo\)](#)

Porcentaxe de turistas por rexións (2018)



Créditos: [OMT \(Organización Mundial do Turismo\)](#)

Países máis visitados do mundo (2018) (en millóns de turistas)



O turismo é unha actividade económica moi importante a nivel mundial, antes da pandemia da Covid-19, a Organización Mundial do Turismo (OMT) organismo dependente da ONU e que ten a súa sede en España, estimaba que no mundo houbo máis de 1400 millóns de turistas en 2019. É evidente o impacto negativo que a crise sanitaria tivo sobre o sector: fálase dun **74% menos de turistas** no ano 2020.

Caracterízase pola súa estacionalidade (os maiores fluxos concéntranse en determinadas épocas do ano, coincidindo coas vacacións e períodos de descanso) e pola saturación de determinadas zonas (as turísticas) nesas datas.

Consecuencias do turismo

Para que se poida desenvolver e atender á demanda necesítanse infraestruturas que favorezan o transporte (portos, aeroportos, estradas...) e a construción de establecementos hostaleiros e de hostalería. Isto produce un gran impacto na zona afectando á paisaxe e ao medio natural (especialmente o turismo de esquí e o de sol e praia), reorganizando o territorio (creación de grandes complexos) e modificando a forma de vida (cambio de costumes) e as actividades económicas da zona.

Repercusións positivas

- Xera ingresos que serven para equilibrar ou mellorar a balanza de pagos dun país.
- Crea postos de traballo.
- Constrúense infraestruturas de transporte e hostaleiras que poden mellorar as condicións de vida das persoas que habitan unha zona.
- Atrae poboación e frea a inmigración cara ás cidades ou cara ao estranxeiro.
- Fomenta as relacións culturais entre países emisores e receptores.
- Difunde ideas como a liberdade, a democracia, os dereitos humanos etc.
- Rehabílitáanse zonas que de non ser turísticas se deteriorarían con maior facilidade ou se destruírían.


Repercusións negativas

A maioría dos empregos que se crean son temporais, estacionais, e precarios.

- Impacto ambiental: as infraestruturas degradan a paisaxe e os espazos naturais, o que fai que perdan atractivo, especialmente as zonas de costa pola excesiva poboación en tempada alta.
- Aumenta a contaminación e o consumo de auga nas zonas turísticas. É necesario facelo sostible.
- Existe un turismo de alto poder adquisitivo, que degrada moito menos a súa contorna; e outro masivo e barato, que aumenta os impactos tanto a nivel da convivencia social como da contaminación e natureza.
- As grandes empresas turísticas están en mans dos países ricos, polo que os beneficios recaen neles.
- Abandónanse actividades tradicionais que se perden para dedicarse a actividades turísticas.

Que é a xentrificación?

Este termo tan de moda non naceu agora, refírese ao proceso de transformación e mellora dunha zona urbana que se atopa deteriorada. En principio pode parecer que isto repercute de xeito positivo na cidadanía, pero entran en xogo axentes globais e fondos de investimento que traballan coa especulación financeira: suben os alugueres e o prezo das vivendas, expulsando a poboación que non pode afrontar dita subida. Ademais, estas zonas convértense en importantes polos de atracción turística onde se complica o día a día dos e das residentes locais coa proliferación dos pisos turísticos. Vexamos o exemplo de [Santiago](#).



Clasificación do turismo

O turismo pódese clasificar por modalidades segundo o tipo de viaxe e o destino elixido. É frecuente que se produzan varios tipos de turismo no mesmo desprazamento:



De sol
e praia

Rural, de
montaña e
ecoturismo

Cultural

Relixioso

De lecer



De saúde



Deportivo



De negocios
ou conferencias



Comercial

Comercial

Relacionado co consumismo. Quen viaxa busca realizar compras en tendas especializadas ou centros comerciais onde atopar produtos tradicionais de calidade ou con denominación de orixe.

De negocios ou conferencias

Moitas persoas desprázanse por motivos profesionais ou de estudos: asistencia a feiras, congresos, simposios, cursos... Realízanse en grandes cidades ou en zonas universitarias. A tecnoloxía fai que cada vez sexan menos necesarios este tipo de desprazamentos.

Deportivo

As persoas viaxan para a práctica de deportes de neve (destacando o esquí), acuáticos, caza e pesca. Destaca o auxe dos deportes de aventura.

De saúde

Balnearios e *spas* forman parte dun turismo tradicional que está a vivir un rexurdir nas últimas décadas nos países desenvolvidos.

De lecer

Visitas a parques de atraccións, parques temáticos, festivais musicais ou de cinema.

Relixioso

Falamos das peregrinacións a lugares sacros. Son famosas as peregrinacións a Santiago de Compostela (Xacobeo), a Meca, Terra Santa, Roma, Fátima ou Lourdes, entre outras. O caso do Camiño de Santiago é significativo: moita xente faino sen vocación relixiosa.

Cultural

Dáse en cidades ou zonas cun amplo patrimonio histórico-artístico: museos, monumentos, actividades culturais... Cada vez gaña peso o turismo gastronómico e as festas de carácter popular (antropolóxico).

Rural, de montaña e ecoturismo


Desenvólvese en localidades rurais cun atractivo patrimonio natural e cultural. Son zonas que contan cunha contorna natural onde se realizan actividades relacionadas coa natureza e a vida no campo. O de montaña baséase na práctica de actividades como sendeirismo, *rafting* (ou descenso de ríos) ou gozar de paisaxes naturais. No ecoturismo quen viaxa busca parques naturais protexidos ou zonas de alto valor ambiental.

De sol e praia

É o turismo de masas, desenvólvese en zonas costeiras de clima cálido polo atractivo das praias ou a paisaxe. Localízase en zonas do Mediterráneo, o Caribe, o sudeste asiático e o Índico. España é potencia mundial neste tipo de turismo.

Actividades

1. Realiza un esquema onde relaciones os tipos de turismo e as súas principais repercusións, seguindo o modelo. Sinala, cando menos, dous comentarios de cada tipo de turismo.



2. **Traballa en equipo e contesta.** Consultade a seguinte páxina [web](#), na que podedes ver un mapamundi cos países con maior número de turistas do mundo en 2019. Observade e poñede en común as seguintes cuestións:
 - a. A maioría destes países correspóndense con países desenvolvidos ou en vías de desenvolvemento?
 - b. A que pensas que é debido o seu éxito turístico? Xustifica a túa

resposta.

- c. Existe un número elevado de países que reciben un número moi reducido de turistas. A que cres que responde este dato? Razoa e argumenta a túa resposta.

3. Sinala cal das seguintes é a definición máis correcta de “turismo”.

- ☐ Desprazamento de persoas para gozar do tempo de lecer e vacacións.
- ☐ Desprazamento de persoas dun lugar a outro para traballar ou gozar do lecer.
- ☐ Desprazamento temporal de persoas para gozar do tempo de lecer e das vacacións.

4. Selecciona verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

A maioría dos e das turistas proceden de países desenvolvidos que viaxan a outros desenvolvidos ou subdesenvolvidos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

As zonas con clima tépedo e riqueza paisaxística, cultural e artística son polos de atracción turística.

- ☐ Verdadeiro

☐ Falso

Nos países en vías de desenvolvemento, o sector turístico crece pola súa seguridade, boas infraestruturas turísticas e o seu transporte.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O turismo caracterízase pola súa estacionalidade.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Non son necesarias infraestruturas nin melloras no transporte para poder desenvolver o turismo.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

5. Relaciona cada actividade co tipo de turismo:

Acudimos a un balneario ou a un *spa*.

De negocios

Mercamos entradas para un festival de música.

De saúde

Practicamos escalada.

Rural, de montaña e ecoturismo

Asistimos a un curso para mellorar no noso traballo.

De lecer

Gozamos da contorna natural dun lago.

Deportivo

6. Enche os ocos coas palabras correspondentes:

O turismo xera ingresos que permiten equilibrar ou mellorar a dun país. Ademais crea postos de traballo, aínda que a maioría son . Fomenta as relacións e permite a rehabilitación de zonas turísticas.

Para que se desenvolva o turismo son necesarias a construción de infraestruturas hostaleiras e de que melloran as condicións de vida da cidadanía da zona, pero que poden a paisaxe e os espazos naturais. Isto é moi frecuente en zonas turísticas de . A concentración turística aumenta a e o consumo, polo que hai que fomentar o turismo e evitar na medida do posible os problemas da nos barrios das cidades.

culturais

degradar

transporte

estacionais

sol e praia

xentrificación

balanza de pagos

contaminación


sostible

Os servizos en España

Desde a década dos anos 60 do século XX, co chamado “**desarrollismo**”, España empezou unha engalaxe económica e social consecuencia da rápida industrialización e modernización do país. Produciuse un abandono das actividades primarias e un aumento das terciarias, que se viron favorecidas polo éxodo rural, o crecemento das cidades e a mecanización industrial (elimináronse postos de traballo nas fábricas).

Así en pouco tempo, o sector servizos, converteuse na actividade principal polo número de man de obra empregada e pola porcentaxe de PIB que ocupaba. Este proceso de terciarización da economía española foi común a todos os países da súa contorna.

Créditos: [economy Weblog](#)



Segundo o INE (Instituto Nacional de Estadística), en 2020 o sector terciario ocupaba preto do 68% do PIB español, sendo fundamental na economía do país polo número de empresas e empregos que xera. A actividade máis importante é o turismo. Mirando [datos pre pandemia](#) podemos afirmar que o turismo representaba o 15% do PIB, o triplo dun sector estratéxico como o da automoción (5%).

O sector servizos en España caracterízase polo elevado número de pequenas e medianas empresas (Pemes). Moitas delas son de carácter familiar e concéntranse en zonas urbanas, especialmente en Madrid e Cataluña, onde se localizan a maior parte das dedicadas ás tecnoloxías, á información e aos servizos ás empresas.

A terciarización da economía española reflíctese na sociedade, que se caracteriza por:

- Aumento de poder adquisitivo da cidadanía.
- Mellora na competitividade e capacidade laboral, aumento do número de persoas traballadoras cualificadas.
- Construción de novas e mellores estradas e liñas de ferrocarrís de alta velocidade que faciliten o tránsito de persoas e mercadorías.
- Incremento e mellora dos servizos públicos, desenvolvemento do estado do benestar.

O comercio

O comercio creceu nas últimas décadas grazas ao aumento do poder adquisitivo da poboación española e á mellora dos transportes, situando o país entre os primeiros da UE por volume de negocio neste sector.

A balanza comercial española é negativa (as importacións son maiores que as exportacións), posto que é deficitaria ou carece dalgunhas das materias primas e fontes de enerxía básicas. Isto compénsase lixeiramente cos ingresos recibidos polo turismo e os investimentos estranxeiros. Na última década as exportacións incrementáronse, xa que os nosos produtos son cada vez máis competitivos.

Exportamos principalmente á UE, Reino Unido, Iberoamérica e os EEUU. China, Turquía, Marrocos ou Xapón tamén son compradores habituais dos produtos españois. Fundamentalmente vendemos bens de equipo, produtos agrarios, automóviles e produtos semielaborados. Importamos cada vez máis produtos, especialmente o petróleo (Irán, México...), o gas natural (Alxeria), produtos industriais, bens de equipo, produtos químicos e alta tecnoloxía. Facémolo a través da UE, o Reino Unido, Asia (especialmente China), os EEUU...

Nas últimas décadas o comercio exterior aumentou moito pola internacionalización das nosas empresas (Inditex, Telefónica, Puig, Sanofi...) e pola exportación de produtos tecnolóxicos.

En canto ao comercio interior, obsérvase un predomino das pemes, cun pequeno comercio moi afectado pola xeneralización das grandes superficies comerciais, as multinacionais e as franquías, obrigando á tenda tradicional a especializarse para ser competitiva.



Dentro das cidades ou vilas predomina o comercio tradicional, as franquías e os supermercados, mentres que nas periferias das cidades atopamos as grandes superficies, localizadas en lugares estratéxicos con boas comunicacións, conexións e amplos aparcamentos. Cabe destacar o aumento que se produce no comercio electrónico polo auxe das novas tecnoloxías, especialmente nas cidades, fomentando o desenvolvemento do transporte de paquetería e mensaxería urxente.



Sabías que...?

Unha zona franca é unha área onde se favorece o libre comercio: calquera transacción comercial que se realice dentro dela está exenta de cargas fiscais, non se aplican os dereitos aduaneiros nin arancelarios que rexen a política fiscal do resto do país. Estas zonas xorden para fomentar o comercio e localízanse en lugares estratéxicos onde se realizan numerosas transaccións. España conta con varias zonas francas como a de Vigo ou a de Alxeciras. Nesta [ligazón](#) tes máis información.

O turismo

España é unha das grandes potencias turísticas do mundo, xunto con Francia, EEUU e China. Desde os anos sesenta do século XX este foise convertido nun dos sectores fundamentais para a economía española, un dos que maior porcentaxe achega ao noso PIB. Antes da crise provocada pola Covid-19, España recibiu uns 83 millóns de persoas, sendo o segundo país do mundo con máis visitantes detrás de Francia, que superou ese ano os 89 millóns.

O atractivo do noso país e a súa oferta turística tan variada fai que as chegadas aumentasen enormemente nos últimos anos. Aínda que o turismo de sol e praia é o máis numeroso, España tamén ofrece natureza, cultura, gastronomía, patrimonio, deportes..., a prezos competitivos e cun servizo seguro e de calidade.

A maioría de visitantes procede de Europa, países da contorna, como son Reino Unido, Francia, Alemaña e Italia, e doutros máis afastados como EEUU, Xapón ou Rusia.

Nos últimos anos diversificouse enormemente a oferta turística, promovendo o turismo rural, o cultural (España conta con numeroso patrimonio histórico-artístico e unha alta porcentaxe de monumentos declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO), unha rica e variada oferta cultural (cinemas, teatros, museos...), turismo de inverno (estacións de esquí e outros deportes de inverno e montaña), balnearios, *spas* e turismo deportivo.

O turismo interior tamén é importante. Á poboación española gústalle viaxar a Canarias, Baleares, Andalucía, Comunidade Valenciana, Cataluña e Madrid.

O turismo xera postos de traballos, aumenta os ingresos e divisas, desenvolve outras actividades económicas como as comerciais e incrementa e mellora as infraestruturas de transporte e o intercambio cultural. Tamén trae consigo impactos negativos, como a estacionalidade dos postos de traballo, consecuencias ambientais ou problemas sociais como a xentrificación. Desde que se produciu o *boom* do turismo nos anos 60 do século XX obsérvase como cambiou a paisaxe costeira, especialmente en zonas do Levante, onde a excesiva construción de bloques de hoteis e apartamentos en primeira liña de praia destruíu paisaxes naturais, creando outras artificiais con paseos marítimos e grandes complexos hostaleiros. A chegada masiva de turistas provoca un elevado consumo de auga que pode esgotar os acuíferos ou as reservas en zonas de precipitacións escasas, aumenta a contaminación e os residuos urbanos.



Benidorm, onde se concentran gran cantidade de complexos hoteleiros a pé de praia.


O transporte

Debido á extensión territorial do país, a súa orografía e a poboación dispersa, os medios de transporte son necesarios para as relacións comerciais e entre persoas, sendo unha das actividades con maior crecemento e importancia comercial.

Estradas

Nos últimos anos modernizouse e mellorouse a rede de estradas. Moitas das axudas recibidas dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER) foron destinadas ás conexións entre cidades e núcleos importantes de poboación e construíronse numerosas autoestradas e vías de alta capacidade. Aínda se necesitan fortes investimentos na rede secundaria, moi ampla e en mal estado.

Créditos: [NACLE](#)



Rede española de autoestradas e autovías. Preme sobre ela para ver a rede xeral de autoestradas do Estado. Poderás navegar polo mapa facendo zoom nas distintas áreas que queiras ampliar.

Transitan diversos tipos de transportes, pero a maioría deles (máis do 72%) son turismos.

Podes comprobar a evolución da rede de estradas comparando as imaxes anteriores con este [mapa de 1960](#).



Sabías que...?

En España predominan os transportes por estrada, estes teñen unha estrutura radial, con centro na capital, Madrid, desde alí parten cara a distintos puntos da Península. Desde a entrada de España na UE esta disposición modificouse lixeiramente, incorporando novas redes que unen partes afastadas do territorio e creándose corredores como o do Mediterráneo para facilitar os transportes entre partes do territorio español co resto de Europa.



Explicación do sistema adoptado en 1949 para a rede de estradas españolas, onde se aprecia claramente a distribución radial.

Ferrocarril

Ten unha forte competencia no transporte por estrada e o avión, aínda que segue sendo importante para o transporte de mercadorías pesadas. Desde a súa orixe tivo problemas como a súa escasa rendibilidade, unha rede radial con centro en Madrid e a limitación do ancho de vía que freaba os contactos con Europa.

Desde a última década do século XX modernizouse e ampliouse, especialmente as liñas de alta velocidade (AVE). Investiuse en mellorar outras infraestruturas (túneles, pontes, electrificación de vías), aínda que no norte do país segue funcionando o ferrocarril de vía estreita FEVE.

Actualmente estase a recuperar en volume de pasaxeiros e pasaxeiras, ao acurtar tempos e ofrecer prezos moi accesibles. Nas grandes cidades o servizo de proximidade é fundamental para achegar a cidadanía aos seus lugares de traballo, sendo un dos transportes públicos máis competitivos. Cabe destacar o metro, que dá servizo público de transporte dentro das grandes cidades de forma rápida e barata. Existe en Madrid, Barcelona, Valencia, Bilbao, Palma de Mallorca, Sevilla, Málaga e Granada.





O transporte marítimo

A importancia do sector pesqueiro, o tráfico de mercadorías (lugar estratéxico nos roteiros comerciais marítimos) e o turismo (especialmente o de cruzeiros, en auxe) fan que este sector teña gran importancia dentro da economía nacional, especialmente no transporte internacional de mercadorías pesadas. Concéntrase en determinados portos, entre os que destacan no norte Bilbao e Xixón; na zona do Mediterráneo Valencia, Barcelona, Tarragona e Castellón; e ao sur, Alxeciras, Cartaxena e Huelva.

Créditos: [Paolichy](#)



Porto de Alxeciras.

Os portos con máis volume de pasaxeiros e mercadorías, especialmente de gran volume (contedores) son os de Alxeciras, Valencia, Barcelona, e Cartaxena. Estes portos necesitan actualizar e modernizar as súas instalacións ou construír portos exteriores para dar cabida e servizos aos grandes navíos que cada vez se utilizan máis debido á súa enorme capacidade de carga.

Algúns dos principais portos localízanse en zonas francas, como no caso de Vigo, facilitando o libre comercio.

En canto ao transporte marítimo de persoas, nos últimos anos aumentou moito a oferta e a demanda de cruceiros turísticos, sendo Barcelona o porto máis importante de Europa neste sector. Outros portos destacados son (cifras do 2019): Baleares, As Palmas, Santa Cruz de Tenerife, Cádiz, Málaga, Valencia, Cartaxena, A Coruña ou Vigo. Ademais, numerosos *ferris* (ou transbordadores) conectan as illas, tanto as Baleares como as Canarias entre si, e a península coas illas ou co norte de África.

Debido ás características dos nosos ríos, que non son navegables, o transporte fluvial en España é case inexistente, limitándose a escasos traxectos en pequenas embarcacións de recreo ou turísticas.

O transporte aéreo

España é un país de grandes dimensións con dous arquipélagos e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla no norte de África. Ademais é potencia turística e conta cunha economía importante a nivel mundial, polo que o transporte aéreo é básico para axilizar os movementos de persoas e de mercadorías.


Os aeroportos españois teñen alto tráfico internacional e nacional, tanto polo número de voos como polo volume de pasaxeiros e pasaxeiras; situados entre os primeiros da UE estarían os de Madrid e Barcelona. Porén, os que teñen maior peso turístico son os de Palma de Mallorca, Málaga, Gran Canaria, Alacante e Tenerife.

Nas últimas décadas o transporte aéreo desenvolveuse bastante: aumentou o número de aeroportos (Castelló, Logroño, Albacete...); ampliáronse e melloráronse outros (Madrid, Valencia, Barcelona, Mallorca, Tenerife...); incrementou o número de conexións e pasaxeiros e pasaxeiras, ampliando o número de compañías que operan, ás que hai que engadir a aparición de compañías de baixo custo.

Hai que destacar que a crise provocada pola Covid-19 afectou seriamente a este sector, reducindo drasticamente o número de voos.

Créditos: [AENA](#)

Evolución anual do número de pasaxeiros e pasaxeiras da rede de AENA en España



Outros servizos

A pandemia fixo que os gobernos aumentasen o seu gasto público considerablemente. No caso español, este representou en 2020 o 52,4% do PIB, dez puntos máis que en 2019.

En España ademais dos servizos xa analizados, hai que destacar:

- **As actividades administrativas e os servizos públicos** Existen no noso país un gran número de administracións públicas e organismos oficiais. Nos distintos servizos públicos traballan, segundo datos oficiais, arredor dun 16% da poboación activa (na media europea, aínda que lonxe dos países con máis emprego público), predominando neste sector as mulleres (preto do 58%). O ser un país que conta con estado de benestar, o maior gasto público destínase a servizos sociais (pensións e outras axudas), sanidade (incrementou os seus gastos enormemente durante a pandemia), administración (estatal, autonómica, provincial, local e outros entes) e educación.
- **As comunicacións e telecomunicacións.** En auxe debido ao *boom* das novas tecnoloxías. Desde hai uns anos as empresas dedicadas ás TICs multiplicáronse, aumentando a súa relevancia na economía española e na porcentaxe do PIB (aínda baixa), que vai incrementándose cos anos: telefonía

móbil, Internet, mensaxería urxente, paquetería. Empresas clásicas como BBVA ou Telefónica invisten cada vez máis en *big data* e intelixencia artificial; tamén son empresas punteiras Asti Technologies (fabricación de vehículos automáticos), Fonetic (software de voz), Ibermática (consultoría tecnolóxica) ou Amadeus IT Group (solucións tecnolóxicas para turismo), entre outras.

Actividades

1. Selecciona verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións:

O sector terciario en España ocupa máis do 75% do PIB.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A actividade económica máis importante en España é o turismo, seguida do comercio e o transporte.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As comunicacións terrestres melloraron enormemente nos últimos anos grazas á construción e mellora de estradas e aos ferrocarrís de alta velocidade.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

En España hai gran cantidade de multinacionais e escasean as pemes,

que se localizan nas grandes cidades.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O transporte en España nos últimos anos centrouse na mellora das estradas sen invertir noutros medios de transporte.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

2. Sinala cales das seguintes premisas sobre o turismo en España son correctas:

☐ Desenvolveuse polo aumento do poder adquisitivo da cidadanía e pola mellora nos transportes.

☐ A balanza comercial española é negativa, xa que se trata dun país deficitario en materias primas e fontes de enerxía, que ten que importar.

☐ Exporta á UE, EEUU e Xapón bens de equipo e tecnolóxicos e importa petróleo e automóbiles.

☐ No comercio interior predominan as pemes, que se teñen que enfrontar ás multinacionais especializándose para ser competitivas.

3. Sinala as afirmacións correctas sobre o turismo da seguinte listaxe:

☐ A oferta turística de España é variada, competitiva, segura e de calidade.

☐ A maioría de visitantes proceden de EEUU, Latinoamérica e China.

- ☐ O turismo interior non ten importancia, a poboación española prefire viaxar fóra do país.
- ☐ O turismo xera postos de traballo, aumenta os ingresos e divisas, desenvolve outras actividades económicas, mellora o transporte e o intercambio cultural.
- ☐ O turismo cambiou a paisaxe costeira, especialmente en zonas do Cantábrico.

4. Relaciona cada tipo de transporte coa súa característica correspondente:

Aumentou o número de conexións e persoas ao incrementar o número de compañías.

Marítimo

Aínda se necesitan fortes investimentos na rede secundaria.

Aéreo

Está gañando novamente importancia no transporte de pasaxeiros e pasaxeiras.

Ferrocarril

Utilízase no transporte internacional de mercadorías pesadas.

Estradas

5. Escribe cinco características dos transportes en España, para realizar a actividade podes repasar os contidos da unidade.

6. Traballo en equipo. Nesta actividade terás que organizar unha viaxe para un grupo de amigos e amigas. Tedes que elixir un destino nacional ao que vos apeteza ir, xustificando e explicando os seus atractivos turísticos e o número de

días que permaneceredes nel, sinalando as actividades que realizardes e os lugares a visitar.

Deberedes escribir un informe no que que teñades en consideración os seguintes elementos:

- a. Seleccionade o medio ou medios de transporte a utilizar, calculando o prezo e buscando a oferta máis barata. Non esquezaades preguntar polos descontos para xente moza, e máis se ides en grupo.
- b. Escollede un hotel, sinalade os servizos que ofrece e calculade o prezo por habitación e persoa.
- c. Organizade as actividades que faredes con horarios e prezos. Lembrade preguntar polo desconto para estudantes.
- d. Como sodes turistas, realizaredes compras en tendas (recordos, por exemplo). Que outros servizos utilizaredes? Facede unha relación deles e para que os usariades.
- e. Que é necesario levar na túa maleta? Que documentación necesitades sempre cando vas de viaxe?
- f. Reflexionade. Que achegaches con esta viaxe á economía do lugar de destino? Que impactos causaches?

Os servizos en Galicia

Ao igual que no resto do país, o terciario é o sector máis importante na economía da nosa comunidade desde hai unhas décadas, debido ao desenvolvemento deste sector cuxos puntos fortes son o turismo, o transporte e o comercio. Segundo o IGE (Instituto Galego de Estatística), en 2018 o 62,3% do PIB da comunidade xerábao o sector servizos.

Comunicación e transportes

Os transportes melloraron moito nas últimas décadas grazas á mellora e ampliación das súas infraestruturas e a creación de novas redes.

Transportes por estrada

Ampliouse a **rede de autoestradas e autovías**, finalizando o Eixo Atlántico coa fronteira portuguesa e mellorando as conexións coa meseta, as vías rápidas e os corredores.

As estradas galegas están organizadas en tres eixos:

- Atlántico, dominado pola autoestrada AP-9 desde Ferrol ata a fronteira portuguesa. Une as cidades de A Coruña, Santiago e Vigo.
- Norte, conecta Galicia coa meseta a través da autovía do Noroeste (A-6).
- Sur, destaca a autovía das Rías Baixas. Une Vigo e Ourense coa meseta (A-52).

A nosa rede de estradas conta cun elevado número de quilómetros en redes secundarias en mal estado pero que son moi necesarias para comunicar os numerosos núcleos de poboación espaxados pola nosa xeografía. A mellora das

comunicacións resulta difícil pola abundancia de núcleos, a súa dispersión e a orografía de determinadas zonas: habería que realizar custosas obras de enxeñería como pontes ou túneles.



Viaduto que conecta Galicia coa meseta, na provincia de Ourense.

O **ferrocarril** modernizouse tanto en vehículos como en infraestruturas, aumentando servizos especialmente no eixo A Coruña-Vigo. No resto do territorio o ferrocarril é residual e están a desaparecer traxectos pola súa escasa rendibilidade. Galicia segue á espera do tren de alta velocidade que a comunique coa meseta, aínda que o desenvolvemento do tren Alvia supuxo un avance. Aínda perdura o ferrocarril de vía estreita (FEVE) na liña que vai desde Ferrol a Asturias.

Transporte aéreo

Galicia conta con tres aeroportos: Santiago-Rosalía de Castro (o máis importante en canto a número de pasaxeiros e pasaxeiras, e voos), Alvedro (A Coruña) e Peinador (Vigo), con instalacións que se modernizaron e aumentaron o número de destinos, tanto nacionais como internacionais, de acordo co incremento da demanda.

Transporte marítimo

Pola súa localización, os portos foron e son a principal vía de entrada e saída de mercadorías, especialmente de produtos pesqueiros. Son moi numerosos (128), dedícanse a actividades comerciais, de pesca e náutico-deportivas. Son dinamizadores da actividade económica de cidades e vilas.

Os máis importantes, de interese xeral, (A Coruña, Vigo, Ferrol-San Cibrao, Marín-Pontevedra e Vilagarcía de Arousa) son xestionados polo Estado; os restantes, pola Consellería do Mar. Todos melloraron e modernizaron as súas infraestruturas (portos, atracada, sinalización...) e instalacións (lonxas e almacéns).

Ademais das de pesca e marisqueo e as náutico-deportivas, Portos de Galicia distingue actividades de carga e descarga de mercadorías como pasta de papel, aceiro etc. en 8 portos (Ribadeo, Burela, Celeiro, Cariño, Laxe, Cee, Ribeira e Pobra do Caramiñal). Tamén existe actividade habitual de pasaxe na provincia de Pontevedra (transbordadores que van ás illas).

O peso dos portos galegos de interese xeral varía. Vexamos algúns deles:

- O porto coruñés é o máis importante en canto ao tráfico comercial. É o primeiro porto español en descargas de peixe fresco. O porto exterior de Punta Langosteira (en funcionamento en Arteixo desde 2012) permite a chegada de grandes petroleiros para a refinería. A mercadoría alimentaria a granel é a máis común. En canto ao tráfico de cruceiros, a cidade herculina aumentou tanto en número de escalas como de visitantes, a través do peirao de trasatlánticos.
- O porto de Vigo é o segundo da comunidade en tráfico comercial pero o primeiro en pasaxeiros e pasaxeiras (importancia da liña Cangas-Moaña-Vigo). Destaca especialmente a exportación de automóbiles.
- O porto de Ferrol, coa súa dársena interior e a exterior, modernizouse para poder descargar materias primas como o metano para a regasificadora de Mugardos. No verán de 2019 cesou o tráfico de carbón, polo que verá afectadas as súas cifras.

O comercio

En canto ao comercio interior, hai que destacar o elevado número de pequenas empresas familiares non especializadas que teñen que competir coas grandes superficies que se incrementaron na comunidade nos últimos anos, provocando que

moitos destes negocios desaparezan. Nas cidades imponse o modelo globalizado, con grandes superficies comerciais con numerosos establecementos e franquías. No ámbito rural, perdura o comercio tradicional e as feiras periódicas. Na distribución de produtos comerciais destacan GADISA, Vegalsa e Froiz.

O comercio exterior depende da actividade industrial galega, onde destacan o sector automobilístico (Citroën), o téxtil (Inditex, Roberto Verino, Adolfo Dominguez etc.), o alimentario (conxelados e conservas), a pedra e laxa (granito de Porriño e lousa) e os aglomerados de madeira (Finsa). Todos estes produtos expórtanse fundamentalmente a países da UE.

As importacións son numerosas, a maioría procedentes da UE: destacan as de petróleo para a refinería coruñesa de Repsol, as de produtos para pensos (soia e millo) e a maquinaria para Citroën e outras industrias.

O turismo

O turismo en Galicia aumentou nos últimos anos debido á potenciación do seu patrimonio histórico-cultural, natural e gastronómico, tanto por parte da Administración galega como de particulares. En 2019, segundo Turismo de Galicia, máis de 5 millóns de persoas visitaron a nosa comunidade. Este sector achega un 10% do PIB e un 11% dos empregos ([cifras de 2019](#)).

Aínda que non é receptora masiva de turismo de sol e praia, conta con zonas como as Rías Baixas onde os e as turistas acoden polas boas condicións climáticas e polos seus areais. Indiscutible atención merece o [Parque Nacional das Illas Atlánticas](#), pero ao longo da costa galega existen numerosas praias con bandeira azul e portos deportivos.

Outro foco importante de atracción de visitantes son o Camiño de Santiago e a celebración do Xacobeo.



O turismo cultural é abundante, ao igual que o patrimonio histórico-artístico, concentrándose nas cidades: especialmente en Santiago de Compostela, Lugo e A Coruña, por contar con monumentos declarados Patrimonio da Humanidade. A oferta turística complétase co turismo rural (abundancia de paisaxes naturais) e os balnearios.

Outros servizos

Desde a década dos 80 do século XX as cidades galegas e as súas áreas metropolitanas aumentaron a poboación, o que provocou unha maior demanda e variedade de servizos. A isto hai que engadir que, coa creación do estado autonómico e a transferencia de competencias por parte do Estado, se multiplicaron os servizos públicos, aumentando especialmente os de tipo administrativo (oficinas da Xunta e as súas consellerías).

Tamén nesta altura se incrementaron os servizos sanitarios coa creación de centros de saúde e hospitais, fundamentalmente no ámbito rural, para poder atender a toda a poboación, especialmente á máis vella, unha porcentaxe alta dentro da poboación galega, o que provoca que tamén aumenten os servizos relacionados coa xerontoloxía, tanto no sector público como no privado. Actualmente, Galicia busca estar na vangarda da saúde. Neste contexto xorde o proxecto da Cidade da Saúde da Universidade de Santiago, que combina docencia, investigación e asistencia sanitaria, o que vai supoñer un gran pulo para a sanidade galega.


Os servizos educativos tamén tiveron que crecer para satisfacer as necesidades da

poboación: construción de numerosos colexios e institutos, aumentando o seu número, e aparición das universidades da Coruña e de Vigo, que se suman á que xa existía (Universidade de Santiago). Isto favoreceu o desenvolvemento en I+D+i na nosa comunidade. Un exemplo vese na Cidade das TIC, un gran parque tecnolóxico financiado pola Administración pública que prevé poñer Galicia na elite mundial. Segundo cifras de 2020, a comunidade ocupa o quinto posto a nivel nacional no sector das TIC, con empresas como Ames D3 Applied Technologies ou Novotec, sen esquecer as numerosas empresas dedicadas ás aplicacións móbiles.

Por último, no tocante ao sector bancario, Galicia conta coa séptima entidade financeira do estado, Abanca.

Actividades

1. Observa esta [imaxe](#) da construción do porto exterior da Coruña e indica en que consiste o impacto que se produce na contorna durante a súa construción, tanto desde o punto vista ambiental como social. Para contestar podes apoiarte nos contidos da unidade e buscar información na Rede.



2. Busca información sobre o Xacobeo e contesta:
 - a. Que cantidade de turistas atrae?
 - b. A que tipo de turismo pertence?
 - c. De onde proceden os peregrinos e peregrinas?
 - d. Que cantidade de diñeiro xera en Galicia?

e. Son necesarias instalacións para favorecelo? Enuméraas.

3. Sinala verdadeiro ou falso para as seguinte afirmacións:

O sector servizos é o máis importante na economía galega.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A sanidade e a educación galega non se modificaron nas últimas décadas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Melloráronse as infraestruturas de transporte aéreo en Galicia pero non as marítimas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Destacan as cifras de exportacións de automoción.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A comunidade só conta cunha vía de alta capacidade, a AP-9.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

4. Selecciona as respostas correctas sobre os transportes por estrada en Galicia:

☐ Melloraron nas últimas décadas ao ampliar as súas infraestruturas e crear novas redes.

☐ Os transportes por estrada non teñen conexións coa meseta.

☐ Contan cunha ampla rede de vías secundarias, aínda que se atopan en non moi bo estado.

☐ Existen autovías, autoestradas, vías rápidas e corredores.

5. Selecciona verdadeiro ou falso para as seguintes afirmacións sobre os transportes na comunidade galega:

Existe unha liña de ferrocarrís de vía estreita que vai desde Ferrol a Asturias.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Galicia conta con catro aeroportos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Tradicionalmente os portos foron a vía principal de entrada e saída de mercadorías.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A presenza do ferrocarril é residual a excepción do eixo Vigo-Ferrol.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

6. Completa as seguintes afirmacións sobre o comercio en Galicia.

a. Existe un elevado número de pequenas empresas familiares sen

b. Nas cidades hai sobre todo e centros comerciais.

c. Nas vilas perdura e as feiras.

d. No comercio exterior destaca , o téxtil, o alimentario, e tamén e os aglomerados de madeira.

o sector automobilístico

o comercio tradicional

grandes superficies

a pedra e a laxa

7. Relaciona cada columna para formar oracións correctas:

Santiago, A Coruña e Lugo...

As Rías Baixas...

O Camiño de Santiago...

O turismo...

Os balnearios e casas de turismo rural...

... atrae visitantes todo o ano.

...forman parte da oferta turística galega.

... contan con monumentos Patrimonio da Humanidade.

... achega máis do 10% do PIB.


... son especialmente visitadas polo seu clima e praias.

Ao peche

Que aprendiches?

Cando comezamos a unidade fixémosche unhas cantas preguntas. Moitas delas pode que as souberas, pero moitas outras non. Agora que xa tes moita máis información podes contestar a todas elas. Imos tentalo.

1. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Sabes que é un servizo e que tipos de servizos existen? Utilizas algún deles?

A large, empty rectangular box with a thin grey border, intended for the user to write their reflection on the first question.

2. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Que é a terciarización da economía?

- 3. Reflexiona e valora o teu traballo.** Es consciente de que cada vez que acodes ao centro de saúde ou ao instituto estás a utilizar un servizo?

- 4. Reflexiona e valora o teu traballo.** En que consiste o comercio? Como está organizado? Que é unha balanza de pagos? Como se realiza o comercio interior e o exterior?

- 5. Reflexiona e valora o teu traballo.** Coñeces os distintos tipos de transportes e os impactos que producen na contorna? E as comunicacións?

- 6. Reflexiona e valora o teu traballo.** Que é o turismo? Sabes que existen distintos tipos de turismo e que é unha actividade económica con peso a nivel mundial? Coñeces como se desenvolveu?

- 7. Reflexiona e valora o teu traballo.** Sabes como é o sector servizos en España e en Galicia?

Avalíate

Amosámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada actividade.

Lembra **seguir estes pasos** para realizar estas actividades que che servirán de gran axuda:

1. Le atentamente o enunciado.
2. Identifica que che preguntan.
3. Ordena, se é necesario, os datos que che piden.
4. Resolve a actividade.
5. Asegúrate de que contestaches todas as preguntas.
6. Se o precisas, repite todos os pasos.

8. Relaciona os seguintes conceptos coa súa definición.

Consiste no traslado ou desprazamento de persoas e mercadorías dun lugar a outro.

Sector terciario

Consiste no desprazamento temporal de persoas por motivos de lecer.

Transporte

Está formado por distintas actividades económicas relacionadas coa distribución de produtos e o consumo de bens e servizos.

Turismo

Consiste no intercambio ou compra-venda de bens e servizos entre a persoa produtora e a consumidora a cambio dun beneficio económico.

Comercio

9. Sinala se as seguintes afirmacións sobre as características do sector servizos son verdadeiras ou falsas:

Existiu desde o século XX debido a que o ser humano necesitou das súas actividades para poder organizarse como sociedade.



Verdadeiro

☐ Falso

Pódenos prestar as Administracións públicas (servizos públicos) ou as empresas privadas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os servizos son intanxibles, non perecedoiros e de produción e consumo non simultáneos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Estes servizos só os poden prestar as administracións públicas, aínda que poidan estar dirixidos por persoas ou empresas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Desenvolvéronse coa industrialización e a modernización da economía.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Localízanse arredor das cidades e as súas áreas de influencia.

☐ Verdadeiro

10. Completa as oracións coas palabras axeitadas en cada caso:

- a. O actual está dirixido polas grandes , que controlan os das materias primas e os produtos semielaborados.
- b. A dun país reflicte todas as comerciais máis as económicas realizadas co resto do mundo.
- c. A é a entre as importacións e as dun país.

balanza comercial

balanza de pagos

exportacións

comercio exterior

prezos

diferencia

transaccións

multinacionais

11. Indica cal é o roteiro comercial marítimo correcto segundo a descrición de cada un deles:

- a. Entre EEUU e Xapón transportando manufacturas e produtos tecnolóxicos. ➤
- b. Países asiáticos e de oriente medio coa UE transportando cereais, minerais, manufacturas, petróleo... ➤
- c. Entre Europa e EEUU transportando manufacturas e produtos gandeiros e agrícolas. ➤
- d. Países emerxentes de Asia entre si, transportando manufacturas e materias primas. ➤

- e. Entre Europa e Sudamérica transportando manufacturas, materias primas e produtos agropecuarios. ►
- f. Entre México e Centroamérica con EEUU, para o transporte de produtos agropecuarios e materias primas América do Norte. ►

12. Indica se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa. Xustifica e contextualiza a túa resposta. Que cambiou nos anos 60?

A terciarización da economía española produciuse nos anos 60 do século XX coa engalaxe económica.

13. Sinala cales das seguintes afirmacións son correctas:

- ☐ Nas últimas décadas o comercio exterior aumentou moito pola internacionalización das nosas empresas.
- ☐ O pequeno comercio tradicional tende a afastarse do centro das cidades para ser competitivo.
- ☐ O turismo, o transporte e a minería son as actividades económicas máis importantes en España.
- ☐ Os trens de proximidade nas grandes cidades son fundamentais para achegar a cidadanía aos seus lugares de traballo.

14. Escribe nos ocos as palabras axeitadas para completar as seguintes informacións:

- a. A maioría dos vehículos que transitan as nosas estradas son _____.

- b. A rede de estradas española ten estrutura _____, con centro na capital.
- c. Os portos con maior volume de pasaxeiros e mercadorías, especialmente de contedores, son: _____, Barcelona e Valencia.
- d. Para ser máis competitivos a nivel mundial e favorecer as transaccións algúns países alíanse formando _____, como a UE ou MERCOSUR.

15. Sinala a resposta correcta en cada caso:

- a. Sobre o sector servizos en Galicia...
 - ☐ Está pouco desenvolvido.
 - ☐ Está desenvolvido e os seus puntos fortes son o turismo e a gandería.
 - ☐ Está desenvolvido e os seus puntos fortes son o turismo, o transporte e o comercio.
- b. Sobre os transportes por estrada na nosa comunidade...
 - ☐ A rede de estradas está composta por grandes autovías e autoestrada e algunha vía rápida como a do Salnés.
 - ☐ A rede de estradas está composta por tres eixos: o Atlántico, o norte e o sur.
 - ☐ A súa rede de estradas secundarias é moi numerosa e atópase en moi bo estado.

16. Sinala a resposta correcta en cada caso:

- a. Sobre o ferrocarril galego....
 - ☐ Galicia segue á espera do tren de alta velocidade que a comunique coa meseta.
 - ☐ Galicia ten un tren de alta velocidade que a comunica coa meseta.

☐ Os trens de alta velocidade galegos son o Alvia e o FEVE.

b. Sobre o transporte aéreo en Galicia...

☐ En Galicia non hai ningún aeroporto internacional.

☐ Os aeroportos só ofrecen voos a destinos nacionais.

☐ Os aeroportos ofrecen voos e destinos nacionais e internacionais.

17. Sinala a resposta correcta en cada caso:

a. Sobre o transporte marítimo en Galicia...

☐ Os portos dedícanse a actividades comerciais, pesqueiras e náutico-deportivas.

☐ Os portos dedícanse a actividades comerciais, turísticas e pesqueiras.

☐ Os portos dedícanse a actividades turísticas, pesqueiras e náutico-deportivas.

b. O comercio exterior galego...

☐ É dependente da actividade pesqueira, leiteira e téxtil.

☐ É dependente da actividade pesqueira, do granito, do téxtil e da automoción.


☐ É dependente da actividade industrial, destacando o sector automobilístico, o alimentario e o téxtil.

Reforza


18. Relaciona correctamente os seguintes conceptos.



Estrada



Ferrocarril



Fluvial



Marítimo



Aéreo

19. Relaciona correctamente os seguintes conceptos.

Visitar un museo no centro dunha cidade.

De lecer

Asistir a unha charla sobre a carreira que estás a estudar.

Sanitario

Contratar unha casa para aloxarse nos Picos de Europa.

Rural

Acudir a un festival de música na rúa.

De congresos

Gozar dun balneario unha fin de semana.

Cultural

20. Indica seis repercusións e consecuencias do turismo, tres negativas e tres positivas. Para iso podes apoiarte nos contidos da unidade, especialmente no esquema sobre as repercusións do turismo.

21. Leva cada termo ao carón da súa definición:

- a. Proceso no que a vida económica, social e cultural dos diferentes países está afectada polas influencias internacionais.
➤
- b. Movemento que realizan algunhas empresas trasladándose a países menos desenvolvidos para aforrar custos.
➤
- c. Proceso de transformación e mellora dunha zona urbana que se atopa deteriorada e que, debido á especulación financeira, ás veces acaba expulsando a poboación orixinal dos barrios.
➤
- d. Transformación económica e social que consiste no aumento das actividades do sector servizos.
➤


Deslocalización

Xentrificación

Terciarización

Globalización

22. Pescuda cales son os tres países do mundo con maior número de exportacións e cales son os que teñen un maior número de importacións. Xustifica porqué uns necesitan importar tanto mentres que os outros son líderes en exportacións.



23. Busca información sobre as zonas francas, explica o seu funcionamento e como afecta a súa presenza ao comercio e á economía dun país.

24. Repasa con este [encrucillado](#) algúns dos conceptos que traballaches na unidade.

Amplía

25. Traballa en parellas. Comparede a evolución do transporte por estrada e o ferrocarril e responde estas preguntas:

- a. Que semellanzas observades entre a evolución dos transportes por estrada e o ferrocarril?
- b. Na actualidade, hai algún trazo que perdure desde o principio? Sinalade cal.
- c. Credes que a disposición destas redes de transporte está relacionada coas zonas de maior poboación e maior actividade económica? Razoade a resposta.

26. Traballa en equipo. Realiza un simulacro dunha compra electrónica. Elixo un produto que che guste na Rede e sigue todos os pasos que terías que realizar se foses usuario ou usuaria do comercio electrónico. A continuación, debatide na clase que vantaxes, inconvenientes e perigos ten a compra por Internet.

Glosario

Balanza comercial

A diferenza existente entre o que importa e o que exporta un estado. Cando é positiva é que houbo máis exportacións que importacións, producindo un superávit. Cando é negativa, producíronse máis importacións que exportacións, comprouse máis que o que se vendeu ao estranxeiro, o que produce déficit.

Balanza de pagos

Consiste no rexistro de todas as actividades comerciais, de servizos e de capitais dun país con respecto ao exterior, ao resto do mundo. Achega información sobre a economía dun territorio, os ingresos recibidos do estranxeiro mediante as exportacións e os pagos que realizou mediante as importacións durante un período de tempo determinado, normalmente un ano.

Burocracia

Xestión de todos os trámites e actividades de orde administrativa.

E-commerce ou comercio electrónico

É aquel que se realiza a través da Rede (Internet). O usuario non necesita acudir a unha tenda física senón que desde a súa casa a través do seu computador ou teléfono móbil accede a unha tenda virtual onde realiza o seu pedido, días despois recíbeo na súa propia casa ou, de habelo, nunha tenda física da devandita empresa. Aumentou o seu uso enormemente nos últimos anos o que repercutiu moi positivamente nas empresas de transporte e mensaxería urxente.

Esclusa

Compartimento que se constrúe nunha canle de navegación, con portas de entrada e saída da auga, para que os barcos poidan navegar entre tramos de diferente nivel de caudal

Estado de benestar

É unha característica de case todos os países desenvolvidos do mundo. Consiste en que o estado e as administracións públicas garanten a prestación dunha serie de dereitos e servizos básicos para toda a cidadanía, comprende: educación, sanidade e prestacións sociais como seguros de desemprego, xubilacións, prestacións por enfermidade, etc. Estes servizos son financiados polo estado mediante a recadación de impostos.

IDH ou Índice de Desenvolvemento Humano

É un dos índices cos que se mide o nivel de desenvolvemento dun país. Para iso cuantifícase a calidade e as condicións de vida dos seus cidadáns, a súa esperanza de vida, e a calidade e a cantidade de servizos sanitarios e educativos. A maior IDH maior desenvolvemento do país, e viceversa.

I+D+i (Investigación, desenvolvemento e innovación)

Fai referencia aos investimentos que un estado fai nestas tres áreas que son fundamentais para o desenvolvemento científico e tecnolóxico dun país. É dicir, para que se fomente a investigación en ciencia e tecnoloxía o que produce a aparición de patentes e outros descubrimentos científico-técnicos que son básicos para que un estado creza economicamente e se desenvolva científica, cultural e socialmente.

Markéting ou mercadotecnia

Son as estratexias que utilizan as empresas para aumentar e incentivar o consumo. Comprende a publicidade e a comunicación.

Mass media ou medios de comunicación de masas

Son os medios (prensa, radio, televisión e Internet) e as canles polos que a cidadanía recibe información. Ofrecen entretemento e crean opinión.

Multinacionais

Son empresas que operan ou distribúen as súas actividades en varios países. Teñen a súa sede central no país de orixe e é nela onde se toman as decisións e é alí onde se atopan os directivos. Contan con varias sucursais ou filiais noutros países nos que se divide a produción.

Pavillón de conveniencia

Buque rexistrado baixo unha bandeira que non é a do país de orixe. Os armadores teñen interese en facelo debido a que as leis e normas son máis laxas nese país en comparación coas do seu.

PEMES

Sigla de pequenas e medianas empresas.

PIB (Produto Interior Bruto)

É a suma do valor económico de todos os bens e servizos que produce nun determinado período de tempo, normalmente un ano, un país. Funcionaría como un indicativo da riqueza dun estado.

Poder adquisitivo

É a capacidade de compra dun individuo ou dun grupo de poboación.

Engalaxe

Ascenso dunha aeronave desde a superficie terrestre ao iniciar o voo.

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2021

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Félix Longueira Fafián, Xosé Antón García González, Darío Doval Blanco, Ana María Regueira e Rosalía Regueiro Méndez.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2021.

ISBN: 978-84-18513-38-1